Sobre a opinión do Goberno galego referida ao peche dos centros do Proxecto Home de Lugo e Pontevedra, as actuacións previstas para garantir o mantemento dos servizos que están a prestar de xeito descentralizado os proxectos de iniciativa social consolidados, así como para fiscalizar o cumprimento das condicións laborais e de calidade asistencial establecidas na lexislación vixente polas institucións e entidades de iniciativa social que perciben subvencións ou recursos públicos, e os datos referidos aos recursos asistenciais de trastornos adictivos que hai na provincia de Lugo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 40572 (10/POC-006332)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á paralización cautelar do proxecto de parque eólico Sasdónigas Fase II, nos concellos de Mondoñedo e Abadín, co fin de investigar os achados e a zona do xacemento arqueolóxico de Cabana Vella, a súa valoración en relación co informe arqueolóxico presentado pola empresa promotora e as visitas e estudos realizados pola Dirección Xeral do Patrimonio en relación con eses achados, así como as súas previsións ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 40575 (10/POC-006333)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para potenciar a venda e relación en liña do comercio tradicional dos produtos do mar co fin de mellorar as súas cifras de venda

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 40578 (10/POC-006334)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía no ámbito do Sergas, as súas previsións referidas ao impulso dalgunha modificación legal para garantir eses dereitos no eido socioeconómico e a súa posición en relación coas consideracións da Valedora do Pobo respecto da denuncia presentada pola Irmandade da Sanidade Galega referida á progresiva desaparición do galego en varios ámbitos do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 40587 (10/POC-006335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación das persoas que padecen fibromialxia e sensibilidade química múltiple, as súas previsións referidas á oferta aos profesionais do Sergas de maiores posibilidades de formación en enfermidades do espectro da dor e a súa opinión en relación coa necesidade de mellorar as posibilidades asistenciais que se ofrecen ás persoas que padecen ese tipo de enfermidades no sistema sanitario público de Galicia, así como a suficiencia da partida orzamentaria consignada para o ano 2019 para a investigación sanitaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 40592 (10/POC-006336)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 3 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Consellería de Cultura e Turismo en relación co informe presentado polo Consello Internacional de Monumentos e Sitios, ICOMOS, respecto das consecuencias que tería para o patrimonio cultural a posta en marcha do proxecto para actualizar a explotación actual da mina de cobre de Touro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 40599 (10/POC-006337)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do problema de saturación que padece e do retraso que acumula o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Viveiro, con competencias en materia de violencia contra a muller, os datos referidos aos xulgados dese tipo que se atopan nas mesmas circunstancias e o prazo previsto para a posta en marcha do plan de actuación para a recuperación do traballo xudicial nas vilas e en todos os partidos xudiciais, así como as medidas que mentes tanto vai adoptar para protexer as mulleres e menores

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 40607 (10/POC-006338)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as razóns do Goberno galego para acelerar o proceso de substitución da débeda pública de Galicia que mantén en valores representativos e axentes financeiros privados cara á débeda contraída cos mecanismos públicos de financiamento, así como a realización dalgunha estimación do sobrecusto que supuxo non acudir a estes desde un principio

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 40615 (10/POC-006339)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para acadar os obxectivos fixados na I Conferencia internacional de mulleres da pesca, celebrada en novembro de 2018 en Santiago de Compostela

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 40622 (10/POC-006340)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver os problemas de seguridade que están a padecer as persoas dedicadas á extracción do percebe como consecuencia de non incluír na aplicación web *Percegurú* a información referida ao período de onda para determinar as condicións e posibilidades de acceso ás zonas de traballo, así como a súa valoración en relación coas consideracións dos percebeiros ao respecto

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 40623 (10/POC-006341)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver os problemas de seguridade que están a padecer os traballadores das confrarías dedicadas á extracción do percebe como consecuencia de non incluír na aplicación web *Percegurú* a información referida ao período de onda
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 40627 (10/POC-006342)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co estado de conservación no que se atopa o acceso ao castro de Borneiro, no concello de Cabana de Bergantiños, a realización dalgún estudo doutras alternativas con anterioridade á construción en cemento da escaleira de acceso ou da ponte de madeira flanqueada con bloques dese material sobre o chan, así como as medidas previstas ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 40633 (10/POC-006343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co resultado das eleccións para a renovación dos órganos de dirección das confrarías de pescadores celebradas no ano 2018 no que atinxe á representación das mulleres, así como do reducido número de candidaturas femininas presentadas, a realización dalgunha análise do seu baixo nivel de representación nos órganos de goberno relacionados co mar, as súas causas e as xestións que vai levar a cabo para a acadar a paridade neles
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 40650 (10/POC-006344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a situación actual dos procesos de concentración parcelaria que se están a desenvolver nas parroquias de Están, Goián e Figueiró, no concello de Tomiño, os atrancos que impiden o seu remate e as medidas que se están a adoptar para superalos, así como as previstas polo Goberno galego no que atinxe á mobilidade das terras

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 40657 (10/POC-006345)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego, así como do Consello Escolar de Galicia en relación coa situación da coeducación e da prevención da violencia de xénero nos centros educativos da comunidade autónoma e os datos ao respecto, así como as actuacións que se están a levar a cabo para o seu desenvolvemento nos centros financiados con fondos públicos que segregan o alumnado por sexo nas aulas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 40662 (10/POC-006346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a realización por parte do Goberno galego dalgunha análise do estado do río que asolagou A Xunqueira, no concello de Viveiro, na noite do 18 de novembro de 2018, o coñecemento das denuncias da veciñanza referidas ao atranco provocado polos restos de desbroce na Ponte de Pedro Mestre e as razóns para non levar a cabo os labores de limpeza, así como as medidas previstas para evitar no futuro situacións coma esta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 40665 (10/POC-006347)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a incidencia que está a ter, no cumprimento dos seus fins e no aumento das visitas ás persoas tuteladas, a escasa dotación orzamentaria e de medios humanos da Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, FUNGA, así como a valoración da Xunta de Galicia respecto da súa eficacia, a súa coordinación cos servizos sociais comunitarios e o nomeamento do seu director xerente

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 40669 (10/POC-006348)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a derogación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as súas intencións en relación co establecemento dun acordo cos representantes sindicais do persoal funcionario público para a recuperación íntegra das contías deixadas de percibir durante a crise económica e o impulso dalgunha actuación de prevención dos accidentes laborais nos centros de atención dependentes da Consellería de Política Social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 40681 (10/POC-006349)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto das manifestacións do alcalde de Baralla referidas ás axudas ás familias para incrementar a taxa de natalidade

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 40689 (10/POC-006350)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a protección e promoción das variedades de oliveiras autóctonas de Galicia que xa están catalogadas polo Consello Superior de Investigacións Científicas

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandarías e Montes

- 40696 (10/POC-006351)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia das consecuencias que tería, para a celebración do Ano Xacobeo 2021, a perda da condición de Patrimonio da Unesco e Patrimonio da Humanidade do Camiño Francés polas ameazas que supón para o seu trazado e a súa axeitada conservación o proxecto de reapertura da mina de cobre de Touro-O Pino, segundo o informe do Comité Internacional de Monumentos e Sitios, ICOMOS, así como as medidas previstas ao respecto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 40700 (10/POC-006352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a posible existencia de risco de asolagamento no barrio da Xunqueira, de Viveiro, como consecuencia da súa proximidade ao río, a realización por Augas de Galicia dalgún seguimento das condicións nas que quedou a súa canle despois da corta autorizada de árbores e as súas previsións respecto da súa rexeneración, dragaxe e limpeza nesa zona

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 40706 (10/POC-006353)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel

Sobre valoración do Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego presentado na empresa Noa Madera Creativa, situada en Vilar do Colo, no concello de Fene, as razóns desa decisión despois de oito anos de crecemento continuado e do alcance do seu maior nivel no ano 2017, así como o posible impacto dos despedimentos na contorna e as actuacións previstas ao respecto

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 40708 (10/POC-006354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para apoiar o pequeno comercio diante dos novos retos derivados dos cambios nos hábitos de consumo, as que vai adoptar para paliar e reverter o continuo peche de establecementos no sector e as actuacións que está a levar a cabo para apoiar e impulsar o comercio electrónico en Galicia, así como a súa opinión respecto da situación na que se atopan os pequenos comerciantes

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 40709 (10/POC-006355)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para apoiar o pequeno comercio diante dos novos retos derivados dos cambios nos hábitos de consumo, as que vai adoptar para paliar e reverter o continuo peche de establecementos no sector e as actuacións que está a levar a cabo

para apoiar e impulsar o comercio electrónico en Galicia, así como a súa opinión respecto da situación na que se atopan os pequenos comerciantes

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 40710 (10/POC-006356)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos accidentes que se veñen producindo na ronda de entroncamento da autovía AG-64, Ferrol-Vilalba coa estrada AC-116 en Catabois, no concello de Ferrol, a súa posible relación co enlace dos viarios nese punto e coa insuficiencia da sinalización instalada, así como a necesidade de reconsiderar as medidas de prevención adoptadas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 40731 (10/POC-006357)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para suprimir no curso 2018-2019 un docente no CEIP Virxe da Luz, de Portomarín que permitiría o mantemento de tres grupos no centro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 40732 (10/POC-006358)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa xestión das subvencións convocadas, para o ano 2018, para a mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís de 0 a 3 anos e puntos de atención á infancia dependentes das corporacións locais, as razóns existentes para non comunicar a subvención concedida aos concellos beneficiarios no prazo establecido e por escrito, así como a data prevista para a publicación na súa páxina web da relación dos beneficiarios e do importe das axudas concedidas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 40738 (10/POC-006359)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das verteduras procedentes do polígono industrial do Espírito Santo que se veñen padecendo nos lugares da Gándara e San Marcos, da parroquia de Nós, no concello de Oleiros, as análises realizadas por Augas de Galicia en relación coas rexistradas en abril de 2018, así como as medidas e protocolos que se van seguir para detectar a súa presenza tralo aumento da capacidade dos colectores e solucionar o problema

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 40744 (10/POC-006361)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a restauración e conservación da Torre de Doncos, situada no concello das Nogais, segundo o disposto na Lei 5/2016, do patrimonio cultural

de Galicia, así como as actuacións que vai levar a cabo para garantir a achega polas administracións competentes das axudas necesarias para a súa conservación

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 40751 (10/POC-006362)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopa o guindastre do porto de Barizo, no concello de Malpica e as xestións previstas para a súa substitución

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 40756 (10/POC-006363)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á xestión que se está a levar a cabo en relación coa implantación de parques eólicos na comarca de Ordes e as súas intencións respecto da autorización no futuro da fragmentación de proxectos para eludir procesos de control

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 40762 (10/POC-006364)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o coñecemento e a valoración do Goberno galego en relación coa situación da empresa Iso-wat situada no polígono da Grela, na Coruña, as actuacións levadas a cabo ou previstas para o mantemento da súa actividade e dos seus postos de traballo, así como a avaliación que fai da situación do sector industrial na cidade e na comarca da Coruña, e as actuacións desenvolvidas para o seu fortalecemento

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 40765 (10/POC-006365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para demorar o inicio das obras de rehabilitación previstas nas vivendas de promoción pública das Felgosas e Vila da Igrexa, no concello de Cerdido, así como para non afrontar as dos tellados nos garaxes, e os datos referidos ás obras executadas e as inspeccións levadas a cabo nelas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 40768 (10/POC-006366)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a contía finalmente destinada nos anos 2015, 2016 e 2017 á partida orzamentaria prevista para adquisición de material escolar, así como a estimación de gasto na que se sustentou a previsión de 5.464.596 euros reflectida na aplicación 10.60.432A.7800 dirixida a axudas para libros de texto e material escolar para o exercicio 2018

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 40776 (10/POC-006367)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno para facilitar a incorporación de novos titulados como técnicos en emerxencias e protección civil nos distintos dispositivos de emerxencias dependentes da Administración autonómica, así como nos da Administración local cofinanciados pola Xunta de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 40777 (10/POC-006368)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno para facilitar a incorporación de novos titulados como técnicos en emerxencias e protección civil nos distintos dispositivos de emerxencias dependentes da Administración autonómica, así como nos da Administración local cofinanciados pola Xunta de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 40780 (10/POC-006369)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre os beneficios que tería o parque eólico das Sasdónigas no ámbito social, territorial e laboral dos concellos do contorno, o seu posible impacto nos terreos, a gandería, a natureza e o patrimonio do Camiño, así como a opinión e os datos do Goberno galego referidos á incidencia que está a ter o modelo de desenvolvemento eólico de Galicia na dinamización económica das zonas onde se implantan os parques

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 40782 (10/POC-006370)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para corrixir os datos da sinistralidade no sector industrial de Galicia, as súas previsións referidas ao desenvolvemento de normativas concretas e actualizadas que posibiliten unas inspeccións e controis de seguridade efectivos e as razóns da demora na creación do Consello Interdepartamental de Seguridade reflectido no Decreto 1/2015, do 12 de febreiro, así como a súa opinión respecto dos criterios seguidos para a certificación polas compañías de control de seguridade

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno, Moisés Rodríguez Pérez e Rosa Oubiña Solla, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de control da Corporación da CRTVG**.

O éxito dos contidos audiovisuais galegos producidos ou participados pola CRTVG mídese tanto polos niveis de audiencia que rexistran na súa emisión a través da primeira canle da televisión pública galega, como pola crecente demanda dende outras comunidades do Estado, outros países da Unión Europea e de todo o mundo.

A introdución de produtos audiovisuais creados en Galicia a través da CRTVG noutros territorios está permitindo exportar o talento, a creatividade e o potencial do sector na nosa comunidade. Esta estratexia permite, ademais, exhibir a nosa cultura, os nosos valores e a nosa realidade, de xeito que proxectos con esencia e identidade galega se abren un oco no mercado nacional e internacional. O certo é que nos últimos anos moitos produtos audiovisuais galegos están atraendo a atención doutros circuitos fóra de Galicia, o que demostra a boa saúde do sector.

Sen esquecer que a emisión da nosa ficción fóra da comunidade tamén significa amosar ao mundo as nosas vilas e cidades a través das imaxes e escenas gravadas en exteriores. Un exemplo é unha das series de máis éxito da TVG, *Serramoura*, onde o 40% da nova temporada foi rodada fóra de plató, e que xa se levou ao mercado latino dos Estados Unidos. Deste xeito, os esforzos económicos de promoción e produción da ficción feita aquí teñen un maior impacto máis alá do seu público obxectivo inicial, o galego.

Paralelamente, estanse a seguir fórmulas de produción de contidos audiovisuais con excelentes resultados e repercusión nacional ou internacional, como é o caso das coproducións como *O Final do Camiño*, que se emitiu de forma simultánea na TVG e en TVE ou *Vidego palace*, coprodución coa RPT portuguesa.

Cabe lembrar que a dixitalización permitirá, ademais de mellorar a calidade da imaxe acadando no 2019 a emisión en FULL HD e de axilizar os procesos de elaboración de contidos, a apertura de novas oportunidades para o audiovisual galego. De feito a CRTVG xa anunciou no mes de outubro que a serie de estrea desta temporada, *O sabor das Margaridas* estará dispoñible a partir de 2019 en 190 países a través dunha plataforma de internet, o que permitirá incrementar a audiencia obxectiva deste contido impulsado polos medios públicos audiovisuais de Galicia.

A emisión das producións con selo galego fóra das nosas fronteiras permite dar cada vez máis visibilidade tanto á nosa industria do audiovisual como aos seus profesionais, o que fai que a nosa ficción sexa cada vez máis coñecida en máis partes do mundo, incluso nun marco audiovisual cambiante e cunha escalada do consumo á carta en detrimento da televisión convencional.

Por este motivo, dende o Grupo Popular queremos coñecer a estratexia que está a seguir a CRTVG na promoción da ficción feita en Galicia e o impacto que teñen na actualidade as creacións impulsadas pola corporación.

Por este motivo, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o alcance da ficción con selo galego fóra de Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 16/11/2018 10:31:46

Maria Antón Vilasánchez na data 16/11/2018 10:31:55

Jaime Castiñeira Broz na data 16/11/2018 10:32:01

María Guadalupe Murillo Solís na data 16/11/2018 10:32:08

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/11/2018 10:32:18

Moisés Rodríguez Pérez na data 16/11/2018 10:32:25

Rosa Oubiña Solla na data 16/11/2018 10:32:32

A Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro e Rosa Oubiña Solla, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Desde 1962, a Política Agraria Común (PAC) experimentou varias reformas, as cales propiciaron unha continua adaptación aos novos retos e cambios que se foron sucedendo en todos estes anos, polo que segue sendo unha política fundamental para o futuro do eido rural da Unión Europea.

En novembro de 2017, a Comisión Europea (CE) enviou ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións a súa comunicación “O futuro dos alimentos e a agricultura”, como base de traballo para a elaboración das correspondentes propostas lexislativas.

O devandito documento resalta a necesidade de que a PAC estea orientada a cumprir as obrigacións establecidas no Tratado da UE para esta política e, neste sentido, debemos aproveitar as oportunidades da PAC, que tamén se constitúe como unha política territorial europea, contribuíndo á loita contra o despoboamento das áreas rurais ao fortalecer o tecido socioeconómico dos pobos. Con esta concepción, as persoas que desenvolven a actividade agraria de forma principal, son o referente para fortalecer a Política Agraria Común.

Todo iso, sumado á importancia estratéxica do sector agrario para Galicia, lévanos á necesidade de acadar un consenso, entre goberno e actores económicos e sociais, para unha defensa conxunta da postura da Comunidade Autónoma ante a futura Política Agraria Común, ao obxecto de que a mesma garanta a consecución dun sector agrario rexional rendible, sustentable e innovador, que fixe poboación no medio rural.

Tendo en conta o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que accións está a desenvolver a Xunta de Galicia cos representantes dos diferentes sectores e entidades que se verán afectados pola próxima reforma da PAC?
2. Que obxectivos contempla a postura que defende o goberno galego na negociación da nova PAC?
3. De que xeito incidirá no medio Rural de Galicia a futura PAC?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 16/11/2018 10:40:37

Raquel Arias Rodríguez na data 16/11/2018 10:40:44

Carlos Gómez Salgado na data 16/11/2018 10:40:51

Daniel Vega Pérez na data 16/11/2018 10:40:59

Jesús Miguel Prado Patiño na data 16/11/2018 10:41:08

Jacobo Moreira Ferro na data 16/11/2018 10:41:15

Rosa Oubiña Solla na data 16/11/2018 10:41:23

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Paula Quinteiro Araujo, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**, sobre a perda de produción da castaña na campaña deste 2018.

A produción de castañas en Galiza, a día de hoxe, non está garantida despois da nefasta campaña que minguou preto dun 50%. Esta redución foi produto das inclemencias meteorolóxicas e da vespa do castiñeiro, algo que dende En Marea tiñamos máis que avisado dende fai meses en canto a Consellería de Medio Rural mirou para outro lado.

Advertimos no seu momento que non se estaba a facer o suficiente na loita contra o *Dryocosmus kuriphilus*, e así se viu cando fai uns meses se aprobou nesta Comisión unha PNL idéntica a que En Marea trouxo facía meses onde se instaba o ministerio á solta masiva de *Torymus Sinensis* para facerlle fronte a praga.

Tamén puxemos en dúbida dende o primeiro momento a liña de axudas que a Xunta de Galicia estaba a sacar para paliar os danos polas inclemencias meteorolóxicas. Liña de axudas que fuxiron da realidade que estamos a padecer produtoras e produtores, así como gandeiras/os ou labregas/os.

A día de hoxe temos constancia de que solicitaron estas axudas sobre un 1'5% das explotacións totais da Galiza.



Tamén temos que ter en conta, de que a castaña complementa as economías familiares, polo que non estamos a falar solo de comercializadores e empresas transformadoras, polo que a Xunta de Galiza tiña que ter xa unha liña de axudas que chegaran a tódolos niveis na escala da produción e venda.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Debido á situación de excepcionalidade na que se atopan os/as produtores/as, transformadores/as e comercializadores/as de castaña, ten pensado a Xunta de Galiza sacar algunha liña de axudas para paliar as enormes perdas sufridas na última campaña?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



David Rodríguez Estévez na data 16/11/2018 10:30:13

Antón Sánchez García na data 16/11/2018 10:30:22

Paula Quinteiro Araújo na data 16/11/2018 10:31:24

A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, César Fernández Gil, Jaime Castiñeira Broz, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O Goberno galego traballa co obxectivo de seguir avanzando nunha educación pública máis completa e coas mellores infraestruturas educativas posibles e, con este obxecto, está a desenvolver iniciativas dirixidas á ampliación ou mellora dun importante número de centros de ensino.

Dentro deste compromiso xeral debemos incluír a construción do novo CEIP Sagrado Corazón, que estará emprazado neste singular barrio da cidade de Lugo, e que virá a substituír ao actual colexio, que ocupa unhas instalacións cedidas por Abanca, ao abeiro dun convenio cuxa vixencia remata este ano.

Coñecíamos recentemente que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria procedeu á formalización do contrato para a redacción do proxecto básico e de execución do novo edificio deste centro educativo, que suporá mobilizar uns 4 millóns de euros en dúas fases: a primeira delas, para a construción do propio centro, a segunda, para dotalo do equipamento deportivo complementario, así como dos patios e espazos libres.

O obxectivo final é dispoñer dun novo colexio con 18 unidades, e capacidade para 450 alumnos que dará servizo ao alumnado do barrio Sagrado Corazón e o seu contorno, asumindo a zona de influencia do CEIP existente e, ademais, aos futuros escolares residentes nas novas vivendas que xurdirán como consecuencia do desenvolvemento dos novos polígonos de uso residencial previstos no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

A maiores, co obxecto de facer realidade este proxecto, a Xunta de Galicia formalizou co Concello de Lugo un convenio de colaboración no que a administración local se compromete, entre outras cuestións, a garantir que os terreos onde se pretende a

execución da obra en fase I estean dotados, ao pé da parcela, dos usos urbanísticos e das infraestruturas adecuadas para o servizo educativo (abastecemento de auga, subministración eléctrica, saneamento e rede de sumidoiro) e a facelo, con carácter previo ao inicio das obras, así como a achegar os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son as características básicas, desde o punto de vista dos equipamentos educativos, do edificio que albergará o futuro CEIP Sagrado Corazón?
2. Que previsións manexa a Xunta de Galicia para a redacción do proxecto básico e de execución deste novo edificio? ¿E cales para a licitación e adxudicación da obra?
3. En que situación se atopan os compromisos adquiridos polo Concello de Lugo respecto do futuro colexio, en particular, a dotación na futura parcela na que se construírá o novo centro dos usos urbanísticos e das infraestruturas adecuadas para o servizo educativo?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2018 10:52:43

César Manuel Fernández Gil na data 16/11/2018 10:52:50

Jaime Castiñeira Broz na data 16/11/2018 10:52:52

Maria Antón Vilasánchez na data 16/11/2018 10:52:55

Teresa Egerique Mosquera na data 16/11/2018 10:52:58

Carlos Gómez Salgado na data 16/11/2018 10:53:09

María Isabel Novo Fariña na data 16/11/2018 10:53:18

Antonio Mouriño Villar na data 16/11/2018 10:53:30

Martín Fernández Prado na data 16/11/2018 10:53:37

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

O Instituto Galego de Estatística presentou o pasado día 31 de outubro os resultados da explotación da mostra continua de vidas laborais. A MCVL é un conxunto de microdatos individuais, pero anónimos, extraídos dos rexistros da Seguridade Social que se completan con información fiscal procedente da AEAT e con información do Padrón Continuo facilitada polo INE.

A MCVL constitúe unha mostra representativa de todas as persoas que durante o ano tiveron relación coa Seguridade Social, ben porque estiveron afiliadas en situación de alta laboral, ben porque percibiron unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego, ou ben porque percibiron algún tipo de pensión contributiva da Seguridade Social.

Os ficheiros procedentes da Seguridade Social permiten reconstruír a historia laboral dos individuos da mostra dende o ano 1967: os episodios nos que o individuo estivo traballando e cotizando á Seguridade Social e as características laborais destes episodios (duración, tipo de contrato, grupo de cotización, réxime, bases de cotización, etc.), así como los episodios de desemprego.

Nesta explotación séguese a evolución salarial das mesmas persoas ao longo do tempo, o que permite saber de forma precisa cal é a evolución dos salarios, porque non son un agregado afectado por cambios na composición da forza de traballo –substituír fixos por temporais, por exemplo- senón as variacións no salario que ten unha persoa ao longo do tempo.



No informe elaborado polo IGE a mediana salarial en Galicia pasou de 14.368 euros anuais brutos en 2012 a 14.498 euros brutos en 2016.

Isto significa que en catro anos, tres deles xa na fase alcista do ciclo económico, o salario mediano de Galicia aumentou en tan só 130 euros anuais, pouco máis de 32 euros cada ano.

En termos relativos supón un incremento nominal inferior ao 1% en catro anos, o 0,25% cada ano de media, pero en realidade os salarios perderon poder adquisitivo porque nese tempo o IPC acumulado é do 3,2%.

Polo anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Como valora o Goberno que o salario mediano en Galicia estea practicamente estancado dende 2012 acumulando unha perda de poder adquisitivo superior ao 2%, en especial tendo en conta que en 2014 se iniciou unha fase alcista do ciclo económico?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 16/11/2018 12:32:38

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

O Instituto Galego de Estatística presentou o pasado día 31 de outubro os resultados da explotación da mostra continua de vidas laborais. A MCVL é un conxunto de microdatos individuais, pero anónimos, extraídos dos rexistros da Seguridade Social que se completan con información fiscal procedente da AEAT e con información do Padrón Continuo facilitada polo INE.

A MCVL constitúe unha mostra representativa de todas as persoas que durante o ano tiveron relación coa Seguridade Social, ben porque estiveron afiliadas en situación de alta laboral, ben porque percibiron unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego, ou ben porque percibiron algún tipo de pensión contributiva da Seguridade Social.

Os ficheiros procedentes da Seguridade Social permiten reconstruír a historia laboral dos individuos da mostra dende o ano 1967: os episodios nos que o individuo estivo traballando e cotizando á Seguridade Social e as características laborais destes episodios (duración, tipo de contrato, grupo de cotización, réxime, bases de cotización, etc.), así como os episodios de desemprego.

Nesta explotación séguese a evolución salarial das mesmas persoas ao longo do tempo, o que permite saber de forma precisa cal é a evolución dos salarios, porque non son un agregado afectado por cambios na composición da forza de traballo –substituír fixos por temporais, por exemplo- senón as variacións no salario que ten unha persoa ao longo do tempo.



No informe do IGE o salario mediano das persoas entre 16 e 29 anos foi de 3156 euros/ano en 2016 e de 11.684 euros/ano para as persoas entre 25 e 34 anos.

Isto supón ingresos moi baixos, que impiden ás persoas novas desenvolver un proxecto vital independente, porque ademais de traballar en actividades de salarios baixos fano só unha parte do ano.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a:

-Como valora a Xunta de Galicia que as persoas máis novas ingresen a quinta parte que a mediana de todas as idades e que as que están entre 25 e 34 anos ingresen un 25% que esa mediana, con salarios tan baixos que as convertan en persoas asalariadas pobres?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



José Manuel Lago Peñas na data 16/11/2018 12:46:19

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

O Instituto Galego de Estatística presentou o pasado día 31 de outubro os resultados da explotación da mostra continua de vidas laborais. A MCVL é un conxunto de microdatos individuais, pero anónimos, extraídos dos rexistros da Seguridade Social que se completan con información fiscal procedente da AEAT e con información do Padrón Continuo facilitada polo INE.

A MCVL constitúe unha mostra representativa de todas as persoas que durante o ano tiveron relación coa Seguridade Social, ben porque estiveron afiliadas en situación de alta laboral, ben porque percibiron unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego, ou ben porque percibiron algún tipo de pensión contributiva da Seguridade Social.

Os ficheiros procedentes da Seguridade Social permiten reconstruír a historia laboral dos individuos da mostra dende o ano 1967: os episodios nos que o individuo estivo traballando e cotizando á Seguridade Social e as características laborais destes episodios (duración, tipo de contrato, grupo de cotización, réxime, bases de cotización, etc.), así como os episodios de desemprego.

Nesta explotación séguese a evolución salarial das mesmas persoas ao longo do tempo, o que permite saber de forma precisa cal é a evolución dos salarios, porque non son un agregado afectado por cambios na composición da forza de traballo –substituír fixos por temporais, por exemplo- senón as variacións no salario que ten unha persoa ao longo do tempo.



No informe do IGE desgrégase o nivel salarial por tipo de contrato, distinguindo entre contratos indefinidos e contratos temporais, o que permite cuantificar a fenda salarial da temporalidade.

En 2016 as persoas asalariadas con contrato indefinido tiveron un salario mediano de 18.000 euros mentres que os que traballaron con contrato temporal tiveron de ingresos medianos so 7.320 euros.

A diferenza entre ambas cifras é enorme: a fenda da temporalidade é de 10.680 euros canda ano, porque o salario mediano das persoas con contrato temporal equivale ao 40% do salario mediano dos indefinidos.

Polo anterior, presentase a seguinte pregunta:

-Como valora a Xunta que as persoas con contrato temporal cobren un 60% menos que as que teñen un contrato indefinido?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



José Manuel Lago Peñas na data 16/11/2018 12:53:17

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**.

O Instituto Galego de Estatística presentou o pasado día 31 de outubro os resultados da explotación da mostra continua de vidas laborais. A MCVL é un conxunto de microdatos individuais, pero anónimos, extraídos dos rexistros da Seguridade Social que se completan con información fiscal procedente da AEAT e con información do Padrón Continuo facilitada polo INE.

A MCVL constitúe unha mostra representativa de todas as persoas que durante o ano tiveron relación coa Seguridade Social, ben porque estiveron afiliadas en situación de alta laboral, ben porque percibiron unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego, ou ben porque percibiron algún tipo de pensión contributiva da Seguridade Social.

Os ficheiros procedentes da Seguridade Social permiten reconstruír a historia laboral dos individuos da mostra dende o ano 1967: os episodios nos que o individuo estivo traballando e cotizando á Seguridade Social e as características laborais destes episodios (duración, tipo de contrato, grupo de cotización, réxime, bases de cotización, etc.), así como os episodios de desemprego.

Nesta explotación séguese a evolución salarial das mesmas persoas ao longo do tempo, o que permite saber de forma precisa cal é a evolución dos salarios, porque non son un agregado afectado por cambios na composición da forza de traballo –substituír fixos por temporais, por exemplo- senón as variacións no salario que ten unha persoa ao longo do tempo.

No informe do IGE desagregase o salario por tramos, con datos preocupantes porque hai moitas persoas asalariadas que teñen un salario moi baixo.

No ano 2016 hai 181.000 persoas que ingresaron menos de 6.000 euros brutos ao ano, outras 50.000 persoas están entre esta cifra e 8.000 euros e 54.000 ingresan entre 8.000 e 10.000 euros brutos anuais.

Isto é, 292.000 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia ingresaron menos de 10.000 euros, un pouco por riba do salario mínimo interprofesional dese ano pero por baixo do limiar da pobreza.

A maioría destas persoas de baixos salarios traballan só unha parte do ano, pero 57.000 traballaron os doce meses do ano e aínda así ingresaron menos de 700 euros netos en 14 pagas.

Polo anterior, formúlase a seguinte Pregunta:

- Como valora a Xunta que en Galicia case 300.000 persoas asalariadas ingresaran menos de 700 euros netos, en 14 pagas, en 2016? considera que unha persoa pode vivir con esa cantidade?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 16/11/2018 13:03:25

Á Mesa do Parlamento

Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Galicia amosa un recoñecido escenario de debilidade nun amplo espazo territorial da Comunidade Autónoma, a pesares das recoñecidas fortalezas das que dispón nese mesmo ámbito. O chamado medio rural avanza na despoboación e abandono das terras, identificándose, cada día máis, coa desertización. O desequilibrio entre o rural e o urbano é manifesto:

- No urbano vive o 75-80 % da poboación ocupando ó 20-30 % do territorio.
- No rural vive o 20-25 % da poboación ocupando o 70-80 % do territorio.

Este desequilibrio limita, e mesmo reduce, o desenvolvemento global de Galicia en termos económicos, sociais, naturais, de emprego, medioambientais, etc.... É preciso, polo tanto, atallar esa dinámica negativa e promover políticas activas que superen en campos como:

- 1) A fixación da poboación no medio rural;
- 2) A incorporación da mocidade para facilitar o relevo xeracional;
- 3) O mantemento e potenciación do sector lácteo co impulso o establecemento e apertura de plantas de transformación láctea en Galicia, así como a mellora na comercialización do leite;
- 4) O aumento do peso dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para os produtores do leite;
- 5) O impulso a un plan específico de viticultura social dirixido ás persoas a tempo parcial.

Por todo o anterior, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1) Aposta o Goberno galego pola modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras coa intensidade necesaria? De ser afirmativa a resposta, que esforzos está a facer para acadar unha maior e máis rápida modernización do sector agrogandeiro?

2) Considera o Goberno galego que a modernización do sector agrogandeiro pode repercutir positivamente na fixación da poboación no medio rural?

3) Non cree o Goberno galego que sería beneficioso para o medio rural, na loita contra a poboación, aprobar neste ano un documento xeral que conteña as liñas de apoio específico aos citados sectores, cun seguimento público verificable no relativo aos seus resultados anuais, coa finalidade de medir a consecución de obxectivos, tales como: a fixación da poboación no medio rural, a incorporación da mocidade para facilitar o relevo xeracional, o mantemento e potenciación do sector lácteo co impulso o establecemento e apertura de plantas de transformación láctea en Galicia, así como a mellora na comercialización do leite, o aumento do peso dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para os produtores do leite e o impulso a un plan específico de viticultura social dirixido ás persoas a tempo parcial?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 19/11/2018 10:30:27

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/11/2018 10:30:33

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Aurelio Núñez Centeno, Marián García Míguez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A ordenanza do imposto sobre bens inmobles de Vigo di que os centros sanitarios pertencentes ao Sergas construídos a partir de 2007 non pagan o Imposto de Bens Inmobles, polo tanto o Hospital Público Álvaro Cunqueiro quedaría eximido de tal pagamento.

Sen embargo, o boicot permanente dos partidos da oposición en Galicia ao novo hospital público de Vigo levou ao alcalde desa cidade a cobrarlle o IBI ao novo Hospital Público Álvaro Cunqueiro, medida recorrida ante os tribunais cun fallo favorable para o Hospital, é dicir, o centro sanitario queda eximido do pago dese imposto.

Pero esa sentenza do Contencioso Administrativo número 2 de Vigo non convenceu ao alcalde, Abel Caballero, quen presentou recurso ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Hai escasos días coñecemos que o alto tribunal acaba de ratificar a sentenza do contencioso cunha sentenza na que se sinala que o Hospital Álvaro Cunqueiro “pertence ao Sergas” e as instalacións son de “titularidade pública”.

Queda claro, polo tanto, que segundo a ordenanza municipal e coas sentenzas de dous tribunais diferentes, o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo queda eximido do pago do IBI.

Ante estes feitos, os deputados asinantes formulamos ao Goberno Galego, como responsable do Servizo Galego de Saúde, a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das resolucións xudiciais onde se confirma que o Hospital Álvaro Cunqueiro pertence ao SERGAS e que as instalacións son de titularidade pública, así como de todo o procedemento político que levaron parello?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 19/11/2018 10:36:58

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 19/11/2018 10:37:07

María Ángeles Garcia Míguez na data 19/11/2018 10:37:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/11/2018 10:37:20

Marta Rodríguez Arias na data 19/11/2018 10:37:27

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 19/11/2018 10:37:36

María Soraya Salorio Porral na data 19/11/2018 10:37:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 19/11/2018 10:37:52

Raquel Arias Rodríguez na data 19/11/2018 10:38:00

Sandra Vázquez Dominguez na data 19/11/2018 10:38:09

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A redución de servizos sanitarios no verán debateuse neste parlamento como consecuencia de iniciativas deste Grupo Parlamentario antes do remate do anterior período de sesións; iniciativas que foron rexeitadas polo Goberno galego e polo Grupo que o sustenta. Esta redución, realizada sen información obxectiva contrastada que puidese ser comprobada, afecta de maneira relevante á perda de atención e de calidade asistencial dos cidadáns quen, partindo dun sistema xa debilitado pola súa notoria falta de persoal, ven como no verán os seus servizos perden persoal que non se substitúe ata nas cuestións máis básicas. A maiores, esta situación incide especialmente no eido rural, onde o mantemento dos servizos sanitarios está xa en dúbida constante pola tendencia do Sergas e da Consellería de Saúde a minorar a implicación no seu funcionamento, coa non substitución de médicos de familia e/ou pediatras, e a progresiva tendencia a agrupar poboacións na atención desde os centros de saúde.

O caso do centro de saúde de Mugardos non é diferente, suma catro médicos de familia, unha matrona, unha pediatra e tres persoas encargadas de enfermería. O consultorio de Mugardos atende a unha poboación de 5.300 habitantes e, como ocorre en multitude de centros de saúde do rural galego, en Mugardos durante estes últimos anos producíronse ausencias longas de persoal por motivos de incapacidade temporal que, ou ben non foron cubertas por persoal substituto, ou foron substituídas en días soltos e con diferentes persoas cada vez, o que non favorece a continuidade na atención dos usuarios e usuarias, provoca listas de agarda de consulta de máis dunha semana, aumenta as consultas por demanda de urxencias, e dada a falta de citas supón o recurso do PAC, no concello de Fene. Os cidadáns do concello están xa fartos, por un problema que perdura no tempo e provoca malestar entre a cidadanía e tensas escenas que desembocaron en dúas denuncias, decembro de 2017, por ameazas ao persoal administrativo, e por ultimo o mércores 14 de novembro os veciños e veciñas tamén mostraron o seu malestar por atoparse no Centro de Saúde un só médico, o que nos leva á tardanza nas citas, case unha semana, tanto para atención médica coma para a renovación da receita.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Coñece o Goberno da Xunta de Galicia a situación do centro de saúde do concello de Mugardos?

2ª) Que opina o Goberno da Xunta de Galicia sobre a situación do centro de saúde do concello de Mugardos?

3ª) Cal e o motivo polo que non se cobren as faltas de persoal no centro de saúde do concello de Mugardos?

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/11/2018 10:12:49

Julio Torrado Quintela na data 19/11/2018 10:13:20

Noela Blanco Rodríguez na data 19/11/2018 10:13:32

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Resolución da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional, pola que se convocan axudas para alumnos con necesidade específica de apoio educativo para o curso académico 2018- 2019 establece o seguinte:

Artigo 1. Obxecto

Convócanse, para o curso 2018-2019 as seguintes axudas individualizadas (entre outras):

a) Axudas directas para os alumnos incluíndo aos afectados por TDAH (Trastorno por déficit de atención por hiperactividade) que requiran por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

Artigo 17. Tramitación das axudas

1. Terminada a valoración de todas as solicitudes presentadas, os órganos de selección enviarán, antes do 19 de outubro de 2018, ao Ministerio de Educación e Formación Profesional polos procedementos informáticos establecidos, un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nesta Resolución e propoñerán a denegación das que non reúnan os requisitos que deban comprobarse nesta fase do procedemento, con indicación das alegacións que poidan presentar

Artigo 28. Convenios de colaboración

Mediante os oportunos convenios de colaboración co Ministerio de Educación e Formación Profesional e nos termos establecidos neles, as comunidades autónomas poderán realizar respecto das axudas que se convocan por esta resolución, as funcións de tramitación, resolución e pago, así como a inspección, verificación, control e, no seu caso, resolución dos recursos administrativos que poidan interpoñerse.

Todo o anterior xustifica que desde a Comunidade Autónoma de Galicia se realiza a tramitación completa incluída, obviamente, a proposta de resolución.

Con este grupo parlamentario téñense posto en contacto persoas que se ven afectadas pola mesma problemática curso tras curso, posto que desde a unidade responsable da tramitación na provincia da Coruña propóñense para denegación casos de alumnos con TDAH diagnosticado que son concedidas curso tras curso tras o recurso dos pais e nais destes alumnos.

Esa proposta de denegación faise, segundo respostas verbais que reciben os pais e nais da unidade responsable da tramitación na Coruña, logo de que se modificasen os criterios dun curso para outro, extremo que é falso como se pode comprobar coa lectura comparada das resolucións anuais, que conteñen idéntica redacción.

Ante a situación exposta o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

i
1ª) É consciente a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional da existencia desta problemática?

2ª) Como valora o feito de que nas outras provincias da comunidade autónoma no se dea esta situación?

3ª) Considera aceptable que os pais e nais dos alumnos que solicitan este tipo de axudas e que teñen dereito a elas, como se lles reconece tras o recurso oportuno, se lles realice unha proposta de resolución denegatoria curso tras curso desde a unidade administrativa responsable?

4ª) Pensa que é necesario homoxeneizar os criterios para que non se produzan estas situacións, se for o caso, que pensa facer ao respecto?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 10:43
Nº Rexistro: 40448
Data envío: 19/11/2018 10:43:38.509

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2018 10:42:04

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/11/2018 10:42:13

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Maria Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª

Na memoria dos orzamentos para o ano 2019 correspondente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, atopamos que o programa 512A – Ordenación e inspección do transporte, ten como finalidade facilitar a mobilidade das persoas e mercadorías, procurando solucións máis eficientes e sostibles, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte, así como mellorar a competitividade das empresas de transporte.

Parece cobrar especial relevancia a implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, con solucións de integración do transporte baixo demanda en Galicia, así como os traballos de implantación dos programas tecnolóxicos orientados á modernización do transporte de viaxeiros.

Tanto é así que na previsión de investimentos reais desta consellaría figura o proxecto denominado *Desenvolvemento e integración dun sistema de xestión de transporte á demanda na Comunidade Autónoma de Galicia*, cun orzamento de 886.978 € para o ano 2019, 1.500.000 € para o ano 2020, 2.000.000 € para o ano 2021 e 9.000.000 € para os anos 2022 e seguintes.

Estamos a falar dunha previsión de gasto de 13.386.978 € para un proxecto que ten como único indicador 80 servizos de transporte a demanda definidos, o que parece, *a priori*, unha falta de concordancia entre o importe que se pretende destinar ao proxecto e o seu alcance final.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que accións concretas se prevén para o proxecto denominado *Desenvolvemento e integración dun sistema de xestión de transporte a demanda na comunidade autónoma de Galicia*?

2ª) Que significa en realidade o indicador “Servizos de transporte a demanda definidos”, é correcto o valor de 80 que figura na páxina 20 dos investimentos reais para o ano 2019?

3ª) Como se xustifica un investimento superior aos 13 millóns de euros nese proxecto?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 10:48
Nº Rexistro: 40450
Data envío: 19/11/2018 10:48:05.686

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2018 10:44:57

María Luisa Pierres López na data 19/11/2018 10:45:04



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 12:49
Nº Rexistro: 40471
Data envío: 19/11/2018 12:49:29.920

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa a demanda colectiva da Fiscalía e colaboración da Xunta de Galiza en relación coas reclamacións polas retencións na AP9.

1. A autoestrada AP 9 adoece de múltiples deficiencias na súa xestión e conservación. Esta situación ten que ver coa redución por parte da concesionaria dos custos de persoal e mantemento, mentres que soben os beneficios polo incremento abusivo das peaxes.

No tocante a persoal, viuse reducido en case un cento de efectivos no período comprendido entre 2006 e 2016, pasando de 302 a 215. Esta redución afecta sobre todo ao persoal das cabinas, que está sendo sistematicamente substituído por sistemas de pagamento automático.

A forte redución de persoal de cabinas e mantemento contrasta coas elevadas cifras de beneficios, que son consecuencia de medidas adoptadas polos sucesivos gobernos do Estado, coa compracencia da Xunta de Galiza.

2. A falta de seguimento, control e supervisión por parte da administración do Estado fai que non se abra aínda un só expediente informativo (e moito menos sancionador), a pesar dos constantes problemas de retencións que se produciron nos



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 12:49
Nº Rexistro: 40471
Data envío: 19/11/2018 12:49:29.920

últimos anos, tanto derivados das obras da ponte de Rande como do incremento do tráfico en horas punta e períodos de vacacións.

Diante das reiteradas queixas polo atraco que supón estar atrapados horas na autoestrada e ter que pagar igualmente as peaxes –e diante da pasividade das administracións central e autonómica-, tivo que ser a fiscalía quen abraze dilixencias a AUDASA e anunciase unha demanda colectiva co obxecto de que as persoas usuarias poidan reclamar indemnizacións á compañía. Tamén previamente a Valedora do Pobo instara á concesionaria a levantar as barreiras en caso de producirse retencións quilométricas.

En relación coa fiscalía de Pontevedra, o pasado mes de setembro anunciou a presentación en novembro dunha demanda colectiva contra a AUDASA para que as persoas usuarias poidan presentar reclamacións polas retencións causadas polas obras da ponte da Rande e polo cobro das peaxes nesas condicións. Esta demanda é resultado da apertura no pasado mes de maio de dilixencias de carácter civil de protección dos dereitos de persoas consumidoras e usuarias ao considerar que se producirá por parte de AUDASA unha deficiente xestión neste treito da autoestrada.

Segundo a información que fixo públicas a Fiscalía, a reclamación refírese ao período comprendido entre marzo de 2015 e maio de 2018, período segundo o cal, conforme datos da concesionaria, pasaron pola ponte de Rande 58 millóns de vehículos. Dado o longo período de tempo transcorrido, non parece procedente que se esixa presentar o xustificante do pagamento da peaxe para poder facer a reclamación, polo que se deberían estudar outros medios como os rexistros da concesionaria dos vehículos que pasaron a peaxe nos períodos de tempo en que se produciron retencións.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Diante da presentación desta demanda colectiva e tendo en conta as dificultades que se poden producir para xestionar e xustificar as reclamacións, o BNG presenta as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que valoración fai o goberno galego sobre a demanda colectiva promovida pola fiscalía de Pontevedra contra AUDASA polas retencións provocadas polas obras da ponte de Rande?

2. Que xestións fixo ou prevé facer a Xunta de Galiza para establecer unha xestión áxil e sinxela das reclamacións a que teñan dereito as persoas usuarias?

3. Prevé a Xunta de Galiza crear oficinas ou algún outro sistema de información e asesoramento para tramitar as referidas reclamacións?

4. Comparte o goberno galego a demanda da Valedoría do Pobo e doutras entidades e institucións de que se aprobe un protocolo que obrigue ao levantamento das peaxes cando se dean circunstancias atribuíbles á xestión da concesionaria? Que xestións realizou a Xunta de Galiza neste sentido?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 12:49
Nº Rexistro: 40471

Data envío: 19/11/2018 12:49:29.920

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2018 12:44:58

María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2018 12:45:02

Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2018 12:45:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/11/2018 12:45:05

Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2018 12:45:06

Noa Presas Bergantiños na data 19/11/2018 12:45:08



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, sobre as dilixencias abertas pola Fiscalía de Medio Ambiente arredor do Castro do Monte da Trindade ou Castro das Flores entre os concellos de Mondoñedo e Lourenzá, e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Após unha denuncia presentada por Mariña Patrimonio e Adegas, a Fiscalía de Medio Ambiente de Galiza investigará a presunta destrución dun xacemento arqueolóxico situado entre os concellos de Lourenzá e Mondoñedo.

O Castro do Monte da Trindade ou Castro das Flores tería sido destruído por mor da actividade extractiva mineira que se desenvolve nunha canteira situada na zona, malia que o xacemento está incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza, goza de protección no Concello de Lourenzá desde 1995 e ficaba excluído desde o ano 2000 da concesión mineira outorgada polo Goberno.

Por se os feitos denunciados non fosen o suficientemente graves, Adegas e Mariña Patrimonio aseguran —logo das pesquisas realizadas e da documentación recompilada— que a Xunta de Galiza podería ter amparado esa destrución a través do Servizo de Patrimonio da Consellaría de Cultura en Lugo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E é que, en marzo de 2016, o arqueólogo de Patrimonio en Lugo emite un informe no que propón excluír do preinventario de Cultura o Castro das Flores asegurando que logo dunha “prospección” realizada por el, non ve indicios de ningunha estrutura arqueolóxica nin restos que permitan caracterizar a existencia dun xacemento.

Nese ano, pola documentación á que tivo acceso o Bloque Nacionalista Galego, o Concello de Mondoñedo iniciou un proceso para legalizar unha planta formigoeira que a empresa propietaria da canteira instalou no terreo protexido polo Castro das Flores. Adoptou esta decisión após a denuncia presentada pola patronal do formigón.

Alén diso, en 2017 Adegas denunciou diante da Consellaría de Economía e Industria que a actividade da empresa mineira estaba a desenvolverse de maneira irregular, fóra dos límites para os que está autorizada e, por suposto, afectando o espazo de protección do castro. Porén, a Consellaría arquivou a denuncia apelando á proposta do Servizo de Patrimonio de Lugo que instaba a descatalogar o xacemento.

Por todo o exposto con anterioridade formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

- En que estado se atopa a denuncia presentada por Adegas diante da Consellaría de Economía e Industria?

- Que medidas ten desenvolvido a Xunta de Galiza a respecto da suposta explotación mineira fóra do perímetro autorizado e as afectacións que isto tivo, entre outras cuestións, para o xacemento arqueolóxico?

- Após as dilixencias iniciadas pola Fiscalía de Medio Ambiente, pensa adoptar algunha actuación o Goberno galego?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Tiña constancia a Xunta de Galiza do proceso iniciado polo Concello de Mondoñedo para legalizar unha planta formigoeira que a empresa propietaria da canteira instalou no terreo protexido polo Castro das Flores?

- Que valoración fai ao respecto?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2018 12:56:30

María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2018 12:56:35

Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2018 12:56:37



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 12:57
Nº Rexistro: 40474
Data envío: 19/11/2018 12:57:56.422

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/11/2018 12:56:38

Noa Presas Bergantiños na data 19/11/2018 12:56:39

Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2018 12:56:41

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

A Escola de Canteiros, de prestixio recoñecido, existe no ámbito da Deputación de Pontevedra dende o ano 1982. Nestes días coñecemos a través dos medios de comunicación que o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación da Xunta de Galicia (posto que a Formación Profesional é unha competencia exclusiva autonómica), confirmou a ex alumnas e alumnos a homologación dos cursos da escola ao ciclo medio e superior de Formación Profesional, tanto para antigo como actual alumnado. Polo visto, existe unha base legal para facelo e ata existen xa nomes (“Obras de artesanía e restauración en pedra natural” e “Deseño e coordinación de proxectos en pedra natural”, respectivamente), mais se descoñece o procedemento para homologar estes ciclos (fundamentalmente o superior) e os prazos que prevé o Goberno galego para que sexa unha realidade.

A Deputación de Pontevedra non oculta a súa satisfacción de que estes títulos poidan estar homologados para o vindeiro curso (compromiso que adquiriu co ex alumnado da escola e que lle leva demandando ao Goberno dende hai anos) e para o que xa ten feito as súas tarefas relativas ao cumprimento dos requisitos de idoneidade das instalacións, equipamento e profesorado. A deputación necesita licenza de actividade por parte do Concello de Poio (o que xa está presupostado e se vai facer ao longo do ano), o equipamento e a maquinaria xa cómpren cos certificados oportunos e, con respecto ao profesorado, é competencia da Consellería de Emprego acreditar aos docentes no ámbito da Formación Profesional para o Emprego, o que xa teñen 4 deles e os outros 3 están en trámites de obtelo.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Son certas as confirmacións que fixo o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación da Xunta de Galicia sobre a homologación dos cursos da Escola

de Canteiría da Deputación de Pontevedra ao ciclo medio e superior de Formación Profesional?

2. Ten previsto o Goberno galego esa homologación para todo o alumnado, actual e antigo?
3. Que procedemento vai utilizar o Goberno para esa homologación?
4. Vai homologar o ciclo medio a través do Real Decreto 1587/2011, de 4 de novembro (sobre título de Técnico en Pedra Natural)? E o ciclo superior?
5. Que prazos prevé o Goberno para que estas dúas homologacións sexan unha realidade?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/11/2018 14:27:06

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/11/2018 14:27:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2018 14:27:17

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/11/2018 14:27:22

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Unha vez máis desde o Grupo Parlamentario Socialista queremos insistir na perigosidade que implica o traballo na mar. No que vai do século XXI, preto de cen sinistros mariños tiveron lugar nas costas galegas, como consecuencia diso, un elevado número de vítimas mortais. Os anos 2011 e 2013 foron os anos de maior sinistralidade, chegándose nos dous anos ao valor de 13 barcos. Neste dato inclúense tanto pesqueiros como veleiros de náutica deportiva.

Existen distintas posibilidades para mellorar a seguridade das embarcacións, entre eles, sistemas para manter as embarcacións a flote no caso de accidentes marítimos ou sistemas individuais de localización. Pero existe tamén outro aspecto fundamental sobre o que hoxe queremos incidir que é a formación en prevención de accidentes, e o control nas titulacións obrigatorias no despacho de buques para as persoas que desempeñan as súas labores en barcos.

No mes de marzo de 2017, os oito tripulantes do volanteiro, O Busi, foron rescatados. Pola Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos (Ciaim) o accidente foi cualificado como “moi grave” e dou lugar á apertura da conseguinte investigación. conclúese que os tripulante tiñan unha grave falta de familiarización cos procedementos e os sistemas contra os incendios. Este feito provocou a imposibilidade de avaliar a emerxencia, e a busca de solucións alternativas. Así optouse por abandonar a embarcación. Concretamente, no informe se establece que algúns mariñeiros non sabían operar o sistema de dióxido de carbono ou a localización das mangueras contra os incendios. Tampouco se tomaron precaucións que evitasen a propagación do lume.

Por outra banda, en ningún momento sonou a alarma contra os incendios, o cal, de acordo coa investigación implica que, ou ben o sistema estaba fóra de servizo ou fallou. Non se pode determinar se foi un fallo de mantemento ou doutro tipo.

En definitiva, o que vén a poñer de manifesto esta investigación é a necesidade de formación e de manter os coñecementos adquiridos actualizados mediante a realización de exercicios periódicos contra os incendios, así como a importancia do control nas titulacións obrigatorias de despachos de buques.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Coñece o Goberno galego as conclusións da investigación da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos (Ciaim) en relación ao accidente do Busi, que valoración fai ao respecto?

2ª) Desenvolve o Goberno galego formación en materia de prevención de accidentes no traballo no mar, con que frecuencia?

3ª) Ten pensado o Goberno galego levar a cabo unha campaña sobre a importancia da realización de exercicios periódicos contra incendios nas embarcacións, se é o caso, cando, como e onde?

4ª) Desenvolve o Goberno galego algún tipo de control en canto ás titulacións obrigatorias dos despachos de buques, de ser caso, con que frecuencia?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 19/11/2018 14:08:01

Patricia Otero Rodríguez na data 19/11/2018 14:08:13

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A ponte de Catoira une, a través da estrada EP-8001, o concello de Catoira na provincia de Pontevedra co de Rianxo na provincia da Coruña, a través da estrada AC-533.

É unha infraestrutura cuxa titularidade é compartida entre a Deputación da Coruña e a Deputación de Pontevedra.

Ademais ten unha elevada densidade de tráfico posto que conecta a autovía AG-11 coa autoestrada AP-9, actuando como verdadeiro eixe vertebrador entre ambas provincias tanto de tráfico lixeiro como pesado, posto que se evita ter que chegar a Padrón para empregar un ou outro viario (AG-11 ou AP-9) aforrando aproximadamente 27 quilómetros; como consecuencia dese elevado tráfico, tanto as estradas como particularmente a ponte, están a sufrir deterioracións.

Desde a reforma integral da ponte do ano 2004, foron as administracións provinciais as que seguiron realizando o seu mantemento; pese a iso, a día de hoxe, a ponte presenta de novo moitos problemas en distintos aspectos, como o asfalto, as xuntas de dilatación ou na iluminación.

Consideramos que dado que as estradas mencionadas e a ponte de Catoira que as conecta son en realidade unha única vía de conexión interprovincial, a competencia debería ser asumida pola Xunta de Galicia, e como consecuencia o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que o eixo formado pola estrada AC-533, a ponte de Catoira e a EP-8001 ten carácter vertebrador como infraestrutura viaria?

2ª) Ten analizada a Xunta de Galicia a posibilidade de asumir a titularidade da estrada AC-533, da ponte de Catoira e da EP-8001?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2018 14:05:27

María Luisa Pierres López na data 19/11/2018 14:05:35

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **oral na Comisión 2.^a**

Os puntos de vertido incontrolado son focos nos que se depositan residuos de distinta natureza en puntos non adaptados ao entorno, o que prexudica gravemente ó medio ambiente. Na maioría dos casos a orixe deste tipo de vertedoiros son, en xeral, resultado de sostidas actividades ao longo do tempo e dos que unha gran parte conteñen amianto.

Electrodomésticos, pneumáticos, baterías de coches, mobles, escombros de obras... Case calquera elemento pode ser encontrado neste tipo de vertedoiros sen ningún tipo de control xa que non existen datos que confirmen con seguridade o número que existe actualmente en Galicia, aínda que a cifra de denuncias que recibiu a Policía Autonómica no último ano foi de mil douscentos casos. Moitos dos casos encóntanse preto de vivendas dende onde o acceso a estes non ten complexidade.

Os veciños que conviven preto destes puntos non cesan nas reclamacións de inspeccións e intervencións urxentes de limpeza e rexeneración dos terreos contaminados e a aplicación de medidas efectivas para o cese destas prácticas xa que en moitos casos poden supor un risco para incendios e accidentes.

En Galicia contamos cunha relación estimada de 19.900 habitantes por punto limpo, un total de cento corenta puntos limpos en toda a Comunidade Autónoma que se presentan escasos ante os trescentos trece municipios cos que contamos e



a particular situación de Galicia que conta cunha gran presenza do mundo rural e unha gran dispersión entre moitos dos seus concellos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Pregunta para resposta oral na Comisión 2.^a

- Ten previsto o Goberno galego aumentar o gasto para mellorar e construír novos puntos limpos para facilitar a accesibilidade a todos os habitantes de Galicia e, ademais aumentar o gasto para a eliminación dos vertedoiros incontrolados que existen?
- Promoverá a vixilancia nos montes para evitar que aumente o número?
- Cal foi o resultado en termos de recollida total e porcentaxe de refugallos contaminantes, por tipo que tivo a última campaña da Xunta neste sentido?
- Cantos foron os puntos de verquido incontrolado deste tipo eliminados, por provincias, en que concellos?
- Cal foi o tratamento que se deu aos refugallos potencialmente perigosos, retirados durante ese programa?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 19/11/2018 18:00:33

Antón Sánchez García na data 19/11/2018 18:00:43

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Francisco Casal Vidal, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **oral na Comisión 3.^a**

O Goberno do Sr. Feijoo anuncia non fai moito, que o novo Bono autónomo permitiría, facilitar o traballo por conta propia, con máis recursos e menos requisitos administrativo. Así este programa da Xunta estaba pensado para mellorar a captación de financiamento, a optimización dos procesos de produción e as cadeas loxísticas, mellorar a comercialización a imaxe ou a comunicación dos autónomos.

Si isto era así, é preciso avaliar a situación e os resultados deste programa, xa que na última modificación orzamentaria recollida no documento de oito de novembro con rexistro de entrada 40094, figura unha modificación orzamentaria da partida destinada ao bono autónomo de 1.000.000 que pasa ao capítulo 4 cunha nomenclatura de novas estratexias para autónomos, o que parece en si mesmo un recoñecemento explícito das súas políticas de autoemprego

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Pregunta para resposta oral na Comisión 3.^a

Que balance fai o Goberno galego do seu programa Bono Autónomo?

Cal é o motivo para desviar unha parte do orzamento destinado a este fondo para outras políticas de autoemprego?

En que consisten estes novos programas?



Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas
Francisco Casal Vidal
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 19/11/2018 18:12:55

Francisco Casal Vidal na data 19/11/2018 18:13:04

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Tras case seis anos de intervención do Centro Galego de Bos Aires por parte das autoridades arxentinas por mor da súa grave crise económica e asistencial, e logo das sucesivas axudas achegadas pola Xunta de Galicia, mantense a incerteza sobre o presente e futuro do Centro, que pode poñer en risco, xa non só o valor afectivo e sentimental que representa para a nosa emigración, se non que xera preocupantes incertezas sobre a asistencia sanitaria aos seus asociados e sobre a preservación do importante patrimonio cultural que contén, vencellado con intensos lazos á colectividade galega na Arxentina.

A finais de 2017 e durante este ano 2018, desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos distintas iniciativas e preguntas mostrando a nosa máxima preocupación pola situación do Centro Galego de Bos Aires, que hoxe é peor que hai dez meses. Os diferentes debates parlamentarios, a instancias de todos os grupos políticos presentes na Cámara e de diferentes colectivos académicos, sociais e culturais, deron lugar á Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 21 de marzo de 2018, pola defensa e porvir do Centro Galego de Bos Aires.

Nesta declaración, e en todas as iniciativas e debates, tanto en pleno como na comisión, é cuestión clave a preservación do importante patrimonio artístico, documental e bibliográfico que contén o Centro Galego de Bos Aires. Pero non é menos importante a súa función tamén sanitaria para a colectividade da emigración galega na Arxentina asociada a el.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que medidas ten adoptado o Goberno galego para contribuír a garantir o futuro do Centro Galego de Bos Aires, preservando o seu importante patrimonio artístico, documental e bibliográfico e os servizos sanitarios aos seus asociados?



Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 19/11/2018 18:11:50

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/11/2018 18:11:59

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Tras case seis anos de intervención do Centro Galego de Bos Aires por parte das autoridades arxentinas por mor da súa grave crise económica e asistencial, e logo das sucesivas axudas achegadas pola Xunta de Galicia, mantense a incerteza sobre o presente e futuro do Centro, que pode poñer en risco, xa non só o valor afectivo e sentimental que representa para a nosa emigración, se non que xera preocupantes incertezas sobre a asistencia sanitaria aos seus asociados e sobre a preservación do importante patrimonio cultural que contén, vencellado con intensos lazos á colectividade galega na Arxentina.

A finais de 2017 e durante este ano 2018, desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos distintas iniciativas e preguntas mostrando a nosa máxima preocupación pola situación do Centro Galego de Bos Aires, que hoxe é peor que hai dez meses. Os diferentes debates parlamentarios, a instancias de todos os grupos políticos presentes na Cámara e de diferentes colectivos académicos, sociais e culturais, deron lugar á Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 21 de marzo de 2018, pola defensa e porvir do Centro Galego de Bos Aires.

Nesta declaración, e en todas as iniciativas e debates, tanto en pleno coma en comisión, é cuestión clave a preservación do importante patrimonio artístico, documental e bibliográfico que contén o Centro Galego de Bos Aires. Pero non é menos importante a súa función tamén sanitaria para a colectividade da emigración galega na Arxentina asociada ao mesmo.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten adoptado o Goberno galego para contribuír a garantir o futuro do Centro Galego de Bos Aires, preservando o seu importante patrimonio artístico, documental e bibliográfico e os servizos sanitarios aos seus asociados?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 19/11/2018 19:03:31

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/11/2018 19:03:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2018 19:03:52

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/11/2018 19:03:59

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dispón no parágrafo segundo do seu punto 1 que deberán publicarse datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público.

Na páxina *web* de transparencia da Xunta de Galicia, estes datos figuran para os anos 2014, 2015 e 2016, pero, sorprendentemente a día de hoxe, e transcorridos máis de dez meses do ano en curso, non figuran os correspondentes ao ano 2017.

Polo que o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que se deu cumprimento en prazo á lexislación vixente?

2ª) Que motivos poden explicar a tardanza producida?

3ª) Cando se prevé que figuren estes datos concretos na páxina de transparencia da Xunta de Galicia?

4ª) Cales son os datos estatísticos correspondentes á actividade contractual de 2017 dos órganos de contratación da Administración autonómica da comunidade autónoma de Galicia e do seu sector público, por tipo de contrato (administrativos especiais, obras, servizos, subministros, xestión de servizos públicos, colaboración público-privada, sectores da auga, enerxía, transportes e servizos postais, concesión de obra pública)?

5ª) Cales son os datos estatísticos correspondentes á actividade contractual de 2017 dos órganos de contratación da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público por tipo de procedemento (aberto, diálogo competitivo, negociado, restrinxido, derivados de acordo marco, outros, contratos menores, de emerxencia)?

6ª) Cales son os datos estatísticos correspondentes á actividade contractual de 2017 dos órganos de contratación da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público por importe para cada un dos tipos de procedemento (aberto, diálogo competitivo, negociado, restrinxido, derivados de acordo marco, outros, contratos menores, de emerxencia)?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 19/11/2018 17:59:49

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/11/2018 18:00:15

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A política de acceso á vivenda da Xunta de Galicia cubriu este ano un dos peores resultados de execución de todas as partidas orzamentarias previstas para o ano 2017.

Soamente se chegou a un 41,3 % de execución.

Ano a ano vemos como a política de vivenda se estanca e especialmente na oferta do parque público de vivendas, tanto para alugueiro como en propiedade.

Os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes, e actualizados día a día, a data do 3 de maio do 2018 era de 11.801 demandantes, a maior parte deles, un 75 % son solicitantes en réxime de alugueiro, un 15 % destes con opción a compra.

A 15 de novembro de 2018 se sitúa xa en 12.713, isto é a un ritmo de algo máis de 5 demandantes novos ó día.

E a este incremento da demanda non lle acompaña a oferta de vivenda pública, que ten baixado notablemente nos últimos anos en Galicia. A Xunta de Galicia ten atribuído estes escasos recursos para promoción de vivendas públicas á súa aposta política pola rehabilitación e reutilización de vivendas baleiras.

O pasado ano 2017 foron soamente 9 as vivendas autonómicas cualificadas definitivamente, segundo datos do propio Ministerio de Fomento. Dato que constata a escasa, por non dicir case inexistente oferta, que se ve incapaz de cubrir suficientemente a demanda actual.

De feito co ritmo dos últimos 5 anos, non se ten cuberto máis que o 1 % da demanda anual existente.

No pasado Debate de Política Xeral se ten aprobada unha resolución que solicita a Xunta de Galicia o impulso de vivendas de promoción pública, en especial en réxime de alugueiro, para duplicar, nos vindeiros cinco anos a oferta actual de vivenda pública, xa sexa froito da rehabilitación do parque actual ou de nova construción.

En todo caso non se coñece con exactitude o número e distribución actual deste parque de vivenda pública en toda Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o número actual de vivendas que conforman o parque público de vivenda?
2. Cal é a súa distribución por provincias, cidades e vilas?
3. Cantas están ofertadas a día de hoxe en réxime de alugueiro?
4. Cal é segundo porcentaxes, os anos de construción das edificacións que forman parte deste parque?
5. Cantas vivendas deste parque público actual foron rehabilitadas nos últimos 8 anos?
6. En que proporción das vivendas son precisas actualmente obras de mellora da accesibilidade?
7. Cal é o número de vivendas que foron adxudicadas en propiedade nos últimos 8 anos?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 20/11/2018 12:18:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/11/2018 12:18:24

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2018 12:18:29

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (en Ribeira, A Coruña) é humidal de importancia internacional do Convenio de Ramsar, Espazo Protexido da Rede Natura 2000 (ZEC e ZEPA) e Espazo Natural Protexido. Ten un Plan de ordenación, pero non un Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX), que está a redactar o Goberno galego. Segundo a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), este último vulnera a normativa da Unión Europea (directivas aves e hábitat), española (Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade) e galega (Lei 9/2001, da conservación da natureza), ademais da normativa europea e estatal de avaliación de impacto ambiental.

Os motivos desa variada vulneración son os seguintes: contén criterios e directrices contrarias aos obxectivos e obrigas das figuras de protección do espazo natural; pretende subordinar o PRUX ás directrices do PXOM de Ribeira, non adaptado á normativa urbanística galega nin sometido á avaliación ambiental esixida pola Directiva Hábitat; contempla cuestións contrarias ás obrigas de conservar este humidal; pretende rebaixar o grao de protección do Parque alterando a zonificación e as directrices de urbanismo, ordenación territorial, infraestruturas e obras (o que é ilegal pois un PRUX non ten competencias para contradicir a un Plan de ordenación) e tamén non se someteu a avaliación ambiental estratéxica.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comparte o Goberno galego que o seu proxecto de Plan Reitor de Usos e Xestión do Parque Natural de Corrubedo vulnera toda a normativa aplicable relativa á conservación do Patrimonio Natural?
2. Comparte o Goberno as alegacións da SGHN ao dito plan?

3. Vai deixar sen efecto o Goberno o proxecto de Plan de Xestión para redactar un novo que garanta a conservación dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade polos que se declarou o Parque Natural? Se a resposta fose positiva, cando?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2018 12:20:45

María Dolores Toja Suárez na data 20/11/2018 12:20:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/11/2018 12:21:05

María Luisa Pierres López na data 20/11/2018 12:21:10

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A redución de servizos sanitarios ten sido obxecto de debate parlamentario a instancias de iniciativas do Grupo Parlamentario Socialista en multitude de ocasións. Esta redución, realizada sen información obxectiva contrastada que puidera ser comprobada segundo se desprende da negativa do Goberno galego a facilitar calquera estudo ou informe que a avale, afecta de maneira relevante á perda de atención e de calidade asistencial para os galegos e galegas, que ven como os seus servizos perden notoriamente persoal que non se repón ata nas cuestións máis básicas e aprecian un sistema sanitario público cada vez máis debilitado.

Estes problemas afectan de maneira especial ao eido rural, onde o mantemento dos servizos sanitarios está xa en dúbida constante pola tendencia do Sergas e da Consellería de Sanidade a minorar a implicación no seu funcionamento, coa non substitución de médicos de familia e/ou pediatras e a progresiva tendencia a agrupar poboacións na atención dende os centros de saúde. O caso dos centros de saúde de Mondariz, Mondariz-Balneario e O Covelo (provincia de Pontevedra) é paradigmático desta situación. Máis en concreto, o censo de cativos destes 3 concellos é de 593, que agora o Sergas e a consellería pretenden derivar ao Centro de Saúde de Pontearreas, que xa ten adscritos a 3342, o que fará un total de 3935 crianzas con, na teoría, 3 pediatras, 2 en horario de mañá e 1 de tarde, e dicimos na teoría porque a pediatra de tarde de Pontearreas leva case 1 ano de baixa.

Con estes datos é practicamente imposible que o Centro de Saúde de Pontearreas poida asumir o cupo infantil de 593 cativos máis dos que xa teñen, polo que seguro vai pasar que sexan derivados ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, a uns 35 quilómetros de distancia. A ninguén se lle escapa que se van producir demoras nos diagnósticos médicos dos cativos e uns gastos de desprazamento que van ter que se asumidos polas familias, tendo en conta o carácter rural dos 3 concellos e a dispersión xeográfica (Mondariz ten 12 parroquias e para chegar ata o centro de saúde hai que percorrer de 4 a 8 quilómetros e O Covelo ten 14 parroquias cun percorrido semellante).

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Consellería de Sanidade de que as 593 crianzas dos centros de saúde de Mondariz, Mondariz-Balneario e O Covelo (na provincia de Pontevedra) se deriven ao Centro de Saúde de Pontearreas, que xa ten adscritas a 3342?
2. Ten coñecemento o Goberno galego de que unha das pediatras de Pontearreas leva case 1 ano de baixa?
3. Ten previsto a Consellería de Sanidade subsanar esa falla de pediatra no Centro de Saúde de Pontearreas segundo é reclamado polos veciños e veciñas da localidade e da contorna?
4. É consciente o Goberno de que o desmantelamento da praza de pediatra que atendía aos concellos de Mondariz, Mondariz-Balneario e O Covelo significará un paso máis de cara ao despoboamento dos mesmos?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2018 12:31:43

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2018 12:31:49

Noela Blanco Rodríguez na data 20/11/2018 12:31:53

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela e Abel Losada Álvarez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Na provincia de Pontevedra, onde as solicitudes de valoración da discapacidade tardaban de media en resolverse case 3 anos e onde a quenda de agarda estaba en máis de 4.000 persoas hai un ano, despois do interese e da presión deste grupo parlamentario, o Goberno colocou un parche: seis novos equipos temporais para o EVO do Norte e 4 para o do Sur, formados por persoal contratado por acumulación de tarefas e para 6 meses, que parece se van ampliar por outros 3 meses máis.

Polo tanto, o persoal é escaso e, a maiores, o espazo no que se atopan as antigas equipas do EVO do Norte (un edificio propiedade da Consellería de Sanidade) non está axeitado para o servizo que debe prestar, é moi antigo e nunca tivo unha reforma en condicións: non hai ascensor, hai multitude de humidades nas paredes, a rambla de acceso non cumpre os requisitos legais, na sala de espera vai un frío terrible (non hai calefacción) ou a iluminación do espazo no que se sitúa é moi escasa. Tampouco vai ben de servizos: a limpeza é pouca (hai unha soa limpadora para todo o edificio), as cadeiras de rodas parecen da posguerra e non hai onde colocar os expedientes, de forma que non resulta fácil garantir o cumprimento da normativa sobre protección de datos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego das condicións deficitarias nas que traballan as persoas profesionais das equipas de Valoración da Discapacidade no EVO do Norte da provincia de Pontevedra? Parécenlle axeitadas?
2. Ten previsto o Goberno a reforma para a modernización do antigo edificio onde se sitúan, propiedade da Consellería de Sanidade?
3. Ten previsto o Goberno a mellora da prestación dos diferentes servizos que se prestan nese antigo edificio, tales como a limpeza ou o mobiliario?

4. É consciente o Goberno do perigo de incumprimento da normativa sobre protección de datos das persoas usuarias deste servizo que existe no dito centro?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Abel Losada Álvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2018 12:33:43

Noela Blanco Rodríguez na data 20/11/2018 12:33:48

María Luisa Pierres López na data 20/11/2018 12:33:53

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2018 12:33:57

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/11/2018 12:34:02

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Din os economistas que a chamada Economía Circular supón reducir tanto a entrada de materiais como a produción de refugallos virxes porque, como non temos recursos naturais suficientes para manter o modo de vida actual, hai que potenciar a reutilización. Xa que logo, un dos principais problemas que xeran os residuos, tanto nos ámbitos urbanos como nos naturais, é o seu impacto tras seren abandonados.

O sistema de xestión de vidro dun só uso supón, de entrada, unha solución eficaz para evitar este problema. En Galicia, o 100 % desa xestión desenvólveo a entidade sen fin de lucro “Ecovidrio” e dos datos aportados por ela mesma resulta o seguinte:

1. Que non traballa coas grandes superficies galegas.
2. Que toda a recollida do lixo depositado no contedor verde, procedente dos consumidores e da hostalaría, se fai en camións.
3. Que as plantas de tratamento (a salvo o 3,7 % do volume obtido a través das plantas RU) están en Portugal, polo que o traslado do residuo se fai en camións.
4. Que en Galicia non hai fábricas de envases, polo que o traslado do residuo se fai en camións.
5. E que o retorno dende as fábricas de envases ao comercio se fai tamén en camións.

O anterior significa que o sistema de xestión de vidro dun só uso que o Goberno da Xunta de Galicia potencia en Galicia non contribúe demasiado á chamada Economía Circular, sobre todo considerando a dispersión territorial e o inexistente uso do ferrocarril na reciclaxe do dito residuo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente o Goberno galego de que non existen en Galicia plantas de tratamento e de fabricación de envases de vidro dun só uso?
2. Ten previsto o Goberno galego a creación e/ou potenciación no país de plantas de tratamento e de fabricación de envases de vidro dun só uso?
3. É consciente o Goberno galego de que toda a recollida do lixo depositado no contedor verde, procedente dos consumidores e da hostalaría, o traslado ás plantas de tratamento e posterior traslado ás fábricas de envases e o retorno dende as fábricas de envases ao comercio se fai só en camións? Ten calculado o Goberno que emisións de CO2 supón?
4. Pensa o Goberno galego que o sistema de xestión de vidro dun só uso que está a potenciar en Galicia contribúe á chamada Economía Circular?
5. Vai variar o Goberno galego a súa política de residuos, poñendo o aceno na dispersión territorial e no inexistente uso do ferrocarril na reciclaxe do vidro dun só uso?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Luís Manuel Álvarez Martínez

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2018 12:37:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/11/2018 12:37:14

María Luisa Pierres López na data 20/11/2018 12:37:18

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

“O Consello da Xunta de Galicia aprobou o proxecto de acordo polo que se aproba o Plan de renovación do equipamento mobiliario da Administración de Xustiza en Galicia que se executará no período 2019-2021 e que conta cun orzamento de 4,7 millóns de euros. No ano 2009 a Xunta de Galicia aprobou Plan de infraestruturas no ámbito da Administración de xustiza para programar as actuacións dos seguintes anos, partindo das necesidades de espazo que requiren as correspondentes proxeccións de crecemento da planta xudicial e tendo en conta especialmente as necesidades de mellora e adaptacións que as sedes xudiciais presentaban. Este plan é un complemento ao Plan de Infraestruturas e pretende mellorar e modernizar o equipamento mobiliario dos órganos e servizos xudiciais en Galicia, especialmente en dous ámbitos, o mobiliario de despachos e oficinas e mobiliario para os arquivos xudiciais, mediante a extensión das instalacións de armarios rodantes, pola súa eficiencia en materia de aproveitamento dos espazos dispoñibles. Mediante este plan tamén se atenderán as melloras requiridas pola normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, no que atinxe á custodia e arquivo da documentación xudicial. No marco do plan englóbanse o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; as audiencias provinciais da Coruña, Ourense, Pontevedra e Lugo; xulgados da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, así como varios xulgados de distintas vilas galegas.”

Este foi o anuncio no Consello da Xunta de Galicia de hoxe. Podería estar ben, se non fose porque o pretendido Plan de renovación do equipamento mobiliario da administración de xustiza en Galicia que se executará no período 2019-2021 e que conta cun orzamento de 4,7 millóns de euros se presenta como un complemento ao Plan de infraestruturas 2010-2015 e, polo tanto, debería implicar a execución de, xa non o 100 % deste último, senón de máis da metade do mesmo. A finais de 2018, nada máis lonxe da realidade. Como exemplo, o Plan de infraestruturas recollía, na segunda fase (2014-2015) un novo edificio xudicial para Sarria e, a día de hoxe, non hai constancia da adquisición, tan sequera, de

corda para tirar as liñas da cimentación do edificio; a propia alcaldesa ignoraba que existira semellante compromiso.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal ten sido a execución da primeira fase do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015?
2. Cal ten sido a execución da segunda fase do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015?
3. Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que para facer efectivo o previsto Plan de renovación do equipamento mobiliario da Administración de xustiza en Galicia non é preciso a execución do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015? Entón, por que o presenta como complemento?
4. A cales órganos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; audiencias provinciais; xulgados da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo e xulgados de vilas galegas van destinados eses 4,7 millóns de euros?
5. Pensa o Goberno que é serio anunciar varios millóns de euros para mobiliario cando só están presupostados algo máis de 74.000 euros para as oficinas Xudicial e Fiscal en Galicia?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2018 12:38:29

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/11/2018 12:38:35

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/11/2018 12:38:41

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A investigación no campo biosanitario é un eido de traballo onde os investigadores e investigadoras de Galicia amosan, de maneira constante, a súa gran formación e dedicación, achegándose a niveis de excelencia recoñecidos internacionalmente. Non entanto, non existe unha aposta por parte do goberno galego notoria e convencida que promova e fortaleza a investigación como sector de investimento, que contribúa tanto a mellorar a calidade de vida e os procesos de diagnose e tratamento de distintas enfermidades, como a contribuír a un cambio de modelo produtivo para o país.

O gasto en investigación en España está, aproximadamente, nun 1,2 % do PIB. Menor porcentaxe que hai unha década. O investimento en ciencia diminuíu, nesta década, en torno a un 9 %, mentres que a maioría de países europeos teñen aumentado en volumes altos este nivel de investimento (Reino Unido ou Alemaña por riba do 30 %).

Sendo España un mal exemplo na súa aposta pola ciencia nos últimos anos, coincidentes co Goberno presidido por Mariano Rajoy, en Galicia sobran tamén datos que evidencian un nivel semellante ou menor. Como último dato, os orzamentos autonómicos para 2019 prevén un descenso de máis de 5 % no investimento na partida 561C de investigación sanitaria, que para o ano 2019 prevé 2.480.000 € mentres que para o ano 2018 os mesmos orzamentos apuntaban 2.618.000 €.

A situación de precariedade dos e das investigadoras tanto na súa relación coas universidades, que manexan orzamentos moi axustados para investigación, como noutros centros públicos, contribúe a un lento crecemento e desenvolvemento das liñas de traballo existentes, ademais de supoñer un lastre a efectos sociais polo elevado esforzo laboral e persoal que supón sen recibir ningunha mínima estabilidade nin capacidade de previsión.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que o Goberno de Galicia diminuíu a partida orzamentaria para investigación sanitaria nos orzamentos 2019?
2. Como valora o Goberno de Galicia a situación da investigación sanitaria en Galicia?
3. Que medidas ten previsto tomar o goberno de Galicia para mellorar as posibilidades da investigación sanitaria en Galicia?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2018 12:55:44

Noela Blanco Rodríguez na data 20/11/2018 12:55:49

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

Á pregunta 39717, formulada pola deputada que asina, a Xunta respondeu que as cuestións formuladas xa foran respondidas polo Conselleiro de Sanidade no Pleno ordinario da Cámara do 7 de novembro de 2018, pero isto non é certo. O Conselleiro de Sanidade na súa comparecencia eludiu responder ás cuestións formuladas por En Marea, que eran moi concretas.

A Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home, que foi declarada de interese galego pola Xunta, leva máis de dúas décadas dedicada a promover a rehabilitación e reinserción social de persoas con trastornos de adicción, dirixindo a atención tamén ás familias, de xeito gratuíto.

En 2015, descólganse do Convenio Colectivo Estatal de Acción e Intervención Social 2015-2017 e non hai vontade da Fundación de aplicar en 2018 dito convenio, que mesmo se negou a unha mediación. Lonxe diso, a Fundación represaliou a quen reclama melloras laborais, con aumento de horarios, prohibición de cambios de quenda, mensaxes e actitudes ameazantes, ceses e traslado de cargos con antigüidade e traxectoria avalada por teren reclamado os seus dereitos laborais e peche dos centros de Lugo e Pontevedra, así como negación de admisión de novos ingresos na Comunidade Terapéutica de Cernadas, a única que acolle en réxime de internamento a mulleres con fillos e fillas a cargo menores de 3 anos.



Na práctica, a Fundación mantíña un convenio de empresa encuberto, por baixo das condicións do convenio estatal:

- 1.826 horas de xornada fronte ás 1.750 h do Convenio Estatal.
- non se cobren os descansos mínimos do Estatuto de Traballadores.
- distribución irregular da xornada laboral, a criterio da dirección.
- traslados de persoal a criterio da Dirección.
- inclúese a categoría “terapeuta en formación”, que non existe no convenio estatal.
- 2 pagas extra, fronte ás 3 do Convenio Estatal.
- o persoal leva 2 anos sen recoñecementos médicos.
- percepción do 100% de salario só nos primeiros 8 días de baixa.

Asemade, falta un plan de prevención e avaliación de riscos, non hai formación continua interna pagada polo centro e o persoal actualízase pola súa conta, e, por outra parte, as propostas de mellora e actualización de métodos achegadas polo persoal nunca se teñen en conta, de xeito que Proxecto Home Galiza quedou atrasado a respecto do resto do Estado, con respecto á Asociación Proyecto Hombre.

A vulneración de dereitos laborais, xa en coñecemento de Inspección de Traballo, convértese nun problema social, pois afecta a servizos esenciais de atención a persoas con trastornos de adicción.

A Xunta debe integrar todo o sistema de atención a persoas drogodependentes no sector público, tal como sinalaba o Plan de Trastornos Adictivos de Galiza 2011-



2016 nos seus obxectivos “garantir unha asistencia de calidade ás persoas con problemas de adicción desde o Sistema Público de Saúde”; plan que, por outra parte, cómpre renovar, como obriga a propia Lei 2/1996 sobre drogas. Dita lei, ademais, no seu artigo 29, tamén sinala que a Xunta “promoverá a integración da asistencia a usuarios de drogas na rede xeral de saúde e servizos sociais”.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- 1.^a) Que opinión lle merece á Xunta o peche do centro de Proxecto Home en Lugo? E o peche do centro de Pontevedra?
- 2.^a) Pediu a Xunta explicacións á Fundación Monte do Gozo polo peche dos centros de Lugo e Pontevedra?
- 3.^a) Como ten previsto a Xunta garantir que proxectos de iniciativa social consolidados que prestan servizos de xeito descentralizado o continúen facendo, para evitar derivacións das persoas usuarias dos mesmos a outras provincias?
- 4.^a) Como vai a Xunta fiscalizar o cumprimento da lexislación por parte das institucións e entidades de iniciativa social que perciben subvencións ou cartos públicos, garantindo as condicións laborais e de calidade na atención ás persoas usuarias estipuladas normativamente?
- 5.^a) Ten previsto a Xunta denegar subvencións ou aportacións públicas de calquera tipo a entidades denunciadas e recoñecidas pola Inspección de Traballo por explotación laboral?
- 6.^a) A onde se derivaron as persoas usuarias de Proxecto Home Lugo, e as de Pontevedra?



7.^a) Que recursos asistenciais de trastornos aditivos existen na provincia de Lugo?

8.^a) Cal é a lista de agarda para ditos servizos na provincia de Lugo?

9.^a) Parécelle axeitado que persoas drogodependentes da Mariña teñan que acudir a Santiago para tratar trastornos aditivos?

10.^a) Cantas persoas da provincia de Lugo con trastornos aditivos foron tratadas pola Rede Asistencial de Trastornos Aditivos dende o ano 2015?

11.^a) Cal foi a súa desagregación por idade e sexo?

12.^a) Que medidas específicas de atención a mulleres drogodependentes se impulsaron ou van impulsar na provincia de Lugo?

13.^a) Cando van actualizar o Plan de Trastornos Adictivos?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 20/11/2018 13:09:51

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luca Chao Pérez, Anxeles Cuña Bóveda e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4.^a**

O 5 de setembro de 2018 publícase no DOG a Resolución do 2 de agosto de 2018 pola que se dá publicidade á declaración de impacto ambiental favorable para o proxecto de parque eólico Sasdónigas Fase II, nos Concellos de Mondoñedo e Abadín.

No que ten que ver co Patrimonio cultural, dita Declaración relata que a Dirección Xeral de Patrimonio emitiu informes para que se reconfigurase o parque, de cara a minimizar o seu impacto visual sobre o Camiño de Santiago. Tras informes desfavorables de Patrimonio, o promotor do parque, Norvento, accede a modificación puntual do mesmo.

No mesmo documento sinálase como en xuño de 2017 se incluíu unha addenda sobre o patrimonio cultural na que se recolle a existencia dun novo elemento arqueolóxico aprobado polo PXOM de Mondoñedo, coa referencia GA27030035. Consecuencia desta inclusión, a Dirección Xeral de Patrimonio informou desfavorablemente sobre o proxecto eólico, pois a xacemento citado (Castra Aestiva) ten protección legal e no proxecto hai dous aeroxeneradores que se atopan dentro do contorno de protección de 200 m establecidos no PXOM.



De resultas desta situación, o promotor solicita a realización de sondaxes arqueolóxicas, que se levan a cabo, presentándose o documento “Sondaxes arqueolóxicas valorativas no xacemento arqueolóxico de Cabana Vella (Castra Aestiva GA27030035) en relación coa construción do Parque Eólico Sasdónigas Fase II (Mondoñedo-Lugo). Memoria Técnica”, elaborado por un arqueólogo, que conclúe que o ben inventariado non é un xacemento arqueolóxico e que polo tanto non hai impedimento para a implantación do parque eólico. Deste xeito, a Dirección Xeral de Patrimonio informa favorablemente sobre o proxecto Sasdónigas Fase II.

O 4 de outubro de 2018 prodúcese na zona un achádego de moeda romana e dun cravo que podería ser da mesma adscrición temporal, obxectos que foron levantados polo arqueólogo municipal de Mondoñedo, e do que foi informada a Dirección Xeral de Patrimonio. En declaracións á prensa, a Dirección Xeral de Patrimonio sinalou que se “estudarán os restos atopados e que se verificará a súa asociación ao contexto arqueolóxico da descuberta”.

O 8 de outubro de 2018, En Marea Mondoñedo rexistra no municipio, con número de entrada 3648, unha solicitude de paralización do proxecto Sasdónigas Fase II.

No PXOM de Mondoñedo, na ficha de catalogación do ben indicábase que o xacemento está pendente de estudo arqueolóxico definitivo.

No DOG do 17 de setembro de 2018 publicouse a Declaración de utilidade pública para o proxecto Sasdónigas Fase II.

Polo exposto, as deputadas e deputado que subscriben formulan a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral en Comisión:

1. Vai a Xunta paralizar cautelarmente o proxecto de Sasdónigas Fase II en aras de investigar os achádegos e a zona do primeiramente catalogado como xacemento arqueolóxico de Cabana Vella?
2. Como valora a Xunta o informe arqueolóxico presentado pola empresa promotora do parque Sasdónigas Fase II en relación ao xacemento de Cabana Vella?
3. Se o achádego se produciu o 4 de outubro, e sendo festivo en Lugo o 5 de outubro, como tivo tempo a Dirección Xeral de Patrimonio de avaliar os obxectos?
4. Realizou a Dirección Xeral de Patrimonio algunha visita e estudo de campo logo do achádego?
5. Que estudos se fixeron dende a Dirección Xeral de Patrimonio sobre os achádegos da Cabana Vella?
6. Vai a Xunta impulsar un estudo arqueolóxico definitivo sobre a Cabana Vella?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Anxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 20/11/2018 13:20:30

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/11/2018 13:20:41

Luca Chao Pérez na data 20/11/2018 13:20:50

Luis Villares Naveira na data 20/11/2018 13:20:56

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

O último informe sobre consumo alimentario no estado Español arroxa datos certamente preocupantes para o sector do mar, nomeadamente para o Galego por se o mais importante do estado e o mais especializado en pesca fresca.

O consumo de pescado e marisco tense reducido un 2,8% nos fogares e o consumo por persoa un 6,5% con respecto o ano anterior, producíndose ademais un par de datos que deberían servir para reflexión, o consumo nos fogares incrementase segundo se incremente a capacidade adquisitiva dos mesmo e a idade media do fogar.

Ademais o consumo de peixe é o consumo de alimentos que mais se consume en porcentaxe fora do fogar, é dicir o 13,2% do peixe que se consume no estado faise fora dos fogares, sendo este porcentaxe so superado por dous sectores de alimentos a Bollería e os Xeados, compre polo tanto ter en conta estes datos para mellorar as políticas comercializadoras do noso sector dende a administracións pública.

Ademais os datos sobre onde se merca o peixe e o marisco, inciden na continua redución da venda destes produtos no comercio tradicional apenas un 25% e unha insignificancia do e-commerce que apenas chega ao 0,7%

Compre polo tanto articular unha política pública de mellora da comercialización on-line dos nosos produtos do mar, que permitiría incrementar os consumos globais e rexuenerar o mercado, pero dende unha perspectiva de que este comercio electrónico sexa realizado polo pequeno comercio e o comercio tradicional é dicir unha política de impulso e mellora do acceso ao comercio electrónico para o comercio tradicional especializado en produtos do mar.

Compre utilizar as potencialidades do comercio de proximidade no comercio on-line os estudos demostran que mellora o consumo cando existe un mecanismo de socialización co vendedor, estes estudos cifran a mellora de venda nun 25%, polo que compre reforzar as medidas que permitan comunicar aos comercializadores, pescadeiros e pescadeiras máis aló do mostrador a través dos medios electrónicos.

Este debe ser unha das liñas de actuación, sobre todo cando se coñece que cada cidadán pasa máis de 117 minutos ao día diante da pantalla do seu móbil.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión:**

Que vai facer a Xunta para potenciar a venda e relación on-line do comercio tradicional dos produtos do mar, co obxectivo de mellorar as cifras de venda?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 20/11/2018 13:35:11

Carmen Santos Queiruga na data 20/11/2018 13:35:16

Julia Torregrosa Sañudo na data 20/11/2018 13:35:24

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**

A Irmandade da Sanidade Galega (Isaga) denuncia a progresiva desaparición do galego en varios ámbitos do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, como é o aparcadoiro, os ascensores, os impresos para as citas e as consultas ou os resultados analíticos.

Esta situación non é exclusiva deste Hospital, pero neste caso motivou unha queixa ante a Valedora do Pobo por parte dun cidadán, que sinalou:

- a exclusión do galego das máquinas de control do aparcadoiro, así como dos seus impresos.
- a exclusión do galego das mensaxes de voz dos ascensores.
- a exclusión do galego dos impresos de citas e as pantallas que informan da quenda.
- a exclusión do galego dos resultados das analíticas.
- a habitual exclusión do galego na atención directa.

Dita queixa deu lugar á apertura dun expediente por parte da Valeduría do Pobo, con número 13692/18.



Ante o requirimento da Valedora do Pobo, a Consellería da Sanidade respondeu que o aparcadoiro do centro hospitalario non pertence ao ámbito asistencial do SERGAS e que está xestionado por unha empresa privada.

Con respecto ao resto de elementos e espazos dos que a lingua galega está excluída, o SERGAS responde que isto se produce porque son “instrumentos elaborados por empresas multinacionais que utilizan só o idioma castelán”. Asemade, di que é difícil modificar o software destes aparatos para incorporar o galego.

A respecto do idioma de atención do persoal, o SERGAS informa á Valedora que o “Sergas se compromete a adoptar as medidas que corresponda para corrixir este problema”.

A Valedora deduce que non se vulneran os dereitos lingüísticos nestes casos, aínda que é evidente que as persoas galegofalantes non teñen opción da lingua galega en todos os ámbitos do SERGAS. A realidade é que as persoas galegofalantes non poden desenvolver unha vida plena en galego.

A normativa vixente recolle o dereito á atención oral e escrita en galego ás persoas consumidoras e usuarias, pero ao non ter un desenvolvemento concreto, poucas empresas en Galiza permiten exercer este dereito.

O artigo 4 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón que o galego, como lingua propia de Galiza, lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.

Polo exposto, as deputadas e deputado que subscriben, formulan a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

1. - Que medidas ten tomado a Xunta para garantir o dereito da cidadanía a ser atendida en galego no Sergas?
2. - Vai a Xunta impulsar algunha modificación legal para garantir os dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico?
3. - Está a Xunta de acordo coa Valedora do Pobo cando considera que os feitos descritos non constitúen unha vulneración dos dereitos lingüísticos?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 20/11/2018 13:53:50

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/11/2018 13:54:01



Luca Chao Pérez na data 20/11/2018 13:54:04

Luis Villares Naveira na data 20/11/2018 13:54:10

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A fibromialxia, síndrome de fatiga crónica (SFC) ou encefalomielite miálxica (EM) e a sensibilidade química múltiple son enfermidades diferentes pero con forma de presentación e síntomas similares de diagnose clínica. As tres son enfermidades de causa descoñecida, crónicas e sen cura na medicina actual que teñen efecto invalidantes para o traballo e as tarefas cotiás, extremadamente negativos na esfera laboral, social, familiar e económica de quen a sofre. Os tratamentos actuais se limitan con escaso éxito a aliviar os síntomas de ambas patoloxías. Tanto a fibromialxia como o síndrome de fatiga crónica ou encefalomielite miálxica afecta especialmente ás mulleres.

Calcúlase que en España, entre o 0,2 % e o 0,5 % da poboación xeral sofre SFC/EM. Aproximadamente, o 25 % dos e das pacientes presentan unha forma severa da enfermidade provocando un trastorno devastador, complexo e altamente invalidante.

Os problemas das persoas afectadas sitúanse nas dificultades para a diagnose, e por tanto tamén para o tratamento, polas dificultades sinaladas que levan a estas persoas a demorar moito tempo dentro do sistema antes de ser diagnosticadas. A isto cabe engadir a avaliación da incapacitación laboral, ou recoñecemento de minusvalías, que resultan sempre insatisfactorias e incompleta debido ás limitacións nestas propias diagnoses e a non clasificación clínica e correcta avaliación.

De maneira conxunta, a investigación sanitaria resulta unha ferramenta na loita contra estas enfermidades e as súas consecuencias. A redución dun 5 % na partida dedicada a investigación da Consellería de Sanidade para os orzamentos 2019 é un enorme obstáculo que, sumado aos déficits existentes a nivel autonómico e estatal nos últimos anos, coloca á investigación sanitaria nunha feble posición que impide o avance en cuestións relacionadas con un amplo espectro de sintomatoloxías, como as sinaladas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno de Galicia sobre a situación das persoas afectadas por fibromialxia, síndrome de fatiga crónica ou encefalomielite miálxica, ou sensibilidade química múltiple?
2. Ten previsto o Goberno de Galicia ofrecer maiores posibilidades de formación en enfermidades do espectro da dor aos profesionais do Sistema público de Galicia?
3. Considera necesario o Goberno de Galicia mellorar as posibilidades asistenciais que se ofrecen ás persoas afectadas por enfermidades como fibromialxia, síndrome de fatiga crónica ou encefalomielite miálxica e sensibilidade química múltiple no Sistema sanitario público de Galicia?
4. Considera suficiente o Goberno de Galicia a partida dedicada á investigación sanitaria nos orzamentos 2019?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2018 14:14:54

Noela Blanco Rodríguez na data 20/11/2018 14:15:00

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Xoaquín Fernández Leiceaga, Abel Losada Álvarez e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

ICOMOS acaba de presentar un informe sobre as consecuencias que tería, de levarse a cabo, para o patrimonio cultural o chamado "Proxecto para actualizar a explotación actual do Mina de cobre Touro", no que observa os seguintes problemas:

“- Grave impacto negativo, coa posibilidade de desaparición, no ramal histórico e documentado do Camiño de Santiago que unía Arzúa con Amental, no que está recoñecido como camiño histórico o Quión-Arca.

- Grave impacto negativo, coa posibilidade de desaparición, das Mámoas 1 e 2 de Pena Alta e do Castro de Copa.

- Afección importante e negativa aos valores paisaxísticos, ambientais e intanxibles da área territorial que compón a contorna ambiental do Camiño de Santiago e dálle carácter.

- Impacto negativo sobre o camiño histórico Camiño de Rosas-Loxas-San Sadurniño, elemento estruturador do territorio que enlaza en San Sadurniño co ramal histórico Arzúa-Amenal.

- A interferencia física e / ou visual do Muíño Ferradal, o Muíño d'Armida e do Muíño dos Ares e dalgunhas igrexas parroquiais.”

E para evitar estes impactos, ICOMOS propón o seguinte:

“Conservar a autenticidade e integridade física do Ben Cultural, entendido como visión cultural, ambiental e paisaxística, como corresponde á preservación dos valores excepcionais universais polos cales o Camiño de Santiago foi inscrito na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO, para elo deberán evitarse todas aquelas accións ou intervencións no Camiño e na súa contorna protexida e ambiental que

produzan ao camiñante calquera agresión visual, emocional, sensorial ou funcional, así como todas aquelas alleas ao significado tradicional e específico da ruta de peregrinación

Declarar con categoría de territorio histórica o ramal histórico do Camiño de Santiago que ligou Arzúa con Amental, asignándolle unha ampla área de protección que enlace ca zona de amortecemento do itinerario principal e cubra a ladeira da montaña onde se atopa a explotación mineira, a fin de garantir a integridade e os valores territoriais, ambientais e paisaxísticos do Camiño de Santiago.”

Dada a importancia que ICOMOS ten para a protección do patrimonio cultural, cremos que as súas opinións deben ser escoitadas e analizadas con detalle antes de tomar decisións que poñan en risco a nosa riqueza patrimonial.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Como valora a Consellería de Cultura o Informe de ICOMOS sobre as consecuencias que tería sobre o patrimonio cultural a posta en marcha do proxecto da miña de Touro?
- 2.^a) Pensa desenvolver algunha acción a Consellería de Cultura ante as advertencias de ICOMOS sobre as consecuencias para o patrimonio da actividade da mina de Touro?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asdo.: Concepción Burgo López
Xoaquín Fernández Leiceaga
Abel Losada Álvarez
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/11/2018 14:21:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2018 14:21:48

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/11/2018 14:21:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40592
Data envío: 20/11/2018 14:26:50.039

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/11/2018 14:22:05

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga e Paula Vázquez Verao, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na Comisión 1.^a, sobre a necesidade de reforzar o xulgado e primeira Instancia e Instrución nº 2 de Viveiro.

O xulgado de primeira instancia e Instrución número 2 de Viveiro coñece de todos os asuntos relacionados coa violencia exercida contra a muller. O partido xudicial de Viveiro comprende os concellos de Burela, Cervo, Foz, Ourense, O Vicedo, Xove e Viveiro.

Os medios de comunicación e os sindicatos xudiciais así como o propio persoal acaban de denunciar a situación de acumulación de asuntos e retrasos que chegan aos 18 meses neste tipo de litios. O persoal traballador alertou de acumulación de asuntos sobre demandas de divorcio, separación ou medidas paternofiliais, uso do domicilio familiar, réxime de custodia e visitas e pensión de alimentos a menores, entre outros.

O plan de actuación para a recuperación do traballo xudicial, iniciado o 15 de outubro de 2018, con 6 meses de retraso, cun presuposto de case 3 millóns de euros, e pactado con 3 dos 7 sindicatos só se puxo en marcha nas sete cidades galegas, sen coñecerse cando se iniciará nas vilas e discriminando unha vez máis a cidadanía de pequenas vilas e do rural.

Isto ten consecuencias na orde civil en relación a estes casos de violencia de xénero, posto que todas as medidas relacionadas con estes litixios son absorbidas polo mesmo xulgado que coñece so procedemento de violencia de xénero e tamén porque todo o persoal dos xulgados de Viveiro foi a folga e tamén debido a que as medidas civís solicitadas no proceso penal só sobreviven 30 días,



momento no que se teñan que ratificar ou modificar estas medidas e que prexudican de feito gravísimo aos menores.

Por todo o exposto os deputados que subscriben presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Ten constancia a Xunta do problema no xulgado de Instancia e Instrución nº 2 de Viveiro? Sabe canto tempo de retraso acumula?
- 2.- Danse estas mesmas circunstancias noutros xulgados con competencia en violencia exercida sobre a muller como o de Pontevedra ou outros? Diga cales e canto tempo de retraso acumulan.
- 3.- Cando ten pensado a Xunta iniciar o plan de actuación para a recuperación do traballo xudicial nas vilas e en todos os partidos xudiciais?
- 4.- Que medidas ten pensado tomar a Xunta para que protexer as mulleres e menores mentres non se axilice a tramitación destes procedementos de violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 20/11/2018 17:21:32



Paula Vázquez Verao na data 20/11/2018 17:21:36

Carmen Santos Queiruga na data 20/11/2018 17:21:40

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

A crise económica que deu comezo no 2008 trouxo consigo un forte incremento da débeda das diferentes CCAA. Así, a débeda total destas pasou de 74.497 millóns de euros no 2008 a un volume de 293.246 millóns de euros no II trimestre do 2018, isto é, a débeda das CCAA pasou de representar o 6,67% do PIB español a un 25%.

Galicia non foi allea a este fenómeno e a súa débeda tamén se viu incrementada moi significativamente; pasou dun volume de 3.954 millóns de euros no ano 2008 a 11.549 millóns no II trimestre do ano 2018, o que implica un incremento do 192%. Tal fenómeno tivo as súas respectivas consecuencias sobre o orzamento de Galicia a través do incremento da amortización da débeda, de 473 millóns no 2008 a 1.590 millóns no 2017, polo que o peso no orzamento de tales amortizacións saltou do 4,2% o 15,7% respectivamente.

Ante este fortísimo incremento da débeda das Administracións Autonómicas, a Administración Central puxo á disposición das diferentes CCAA un conxunto de Mecanismos Extraordinarios de Financiamento, que implicaban o feito de que as CCAA puideran endebedarse a través duns xuros menores aos que realmente tiñan que facer fronte se acudisen por si mesmas ao mercado.

Mais Galicia, por unha decisión estritamente de interese electoral, preferiu pedir prestado aos mercados financeiros renunciando a acudir a financiamento público,



a pesares de que os bancos cobraban un tipo de xuro por riba dos préstamos do Estado que empezou sendo de 6 puntos no 2012 e baixou ata 1 punto no 2015.

Pero a partir do ano 2015, a Xunta muda a súa decisión e acelera o proceso de endebedamento a través dos Mecanismos Extraordinarios de Financiamento, concretamente a través do Fondo de Facilidade Financeira. O feito é que se en xuño do ano 2015, soamente o 11,72% da débeda galega estaba vinculada aos mecanismos extraordinarios, en xuño do ano 2018 dita porcentaxe representaba o 53,29%. Mais o aspecto clave resulta de observar como se levou, e se está levando a cabo, dito proceso, así coma tamén, o seu impacto sobre os orzamentos galegos.

A Conta Xeral do ano 2017 indica uns aumentos do créditos que acadan os 148,33 millóns e euros destinados a “amortización de débeda pública e préstamos, para contar co crédito necesario para dar cobertura á cancelación anticipada de préstamo co obxectivo de minimizar o custo financeiro e adecuarse o principio de prudencia financeira”. Ao mesmo tempo, o “Informe sobre los mecanismos de financiación de CCAA, 2012-2017” emitido polo Ministerio de Hacienda, pon de manifesto que para o período 2015-2017, Galicia pediu prestado a tales fondos un total de 5.496 millóns de euros, dos cales, 4.133 millóns foron destinados á amortización de débeda. Unha porcentaxe que representa o 72,21%, a mais alta de tódalas CCAA.

Estes datos constatan o que ven denunciando o grupo parlamentario de En Marea dende o comezo da presente lexislatura; o rexeitamento por parte do goberno da Xunta de non acudir dende un principio aos Mecanismos Extraordinarios de Financiamento, supuxo incorrer nun importante sobrecusto da débeda galega que provocou un aumento continuado de drenaxe de recursos cara esta función.

Ante estes datos, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



1. Por que a Xunta acelerou o seu proceso de substitución da débeda que mantén en valores representativos e axentes privados, cara débeda contraída cos mecanismos públicos?
2. Ten estimado a Xunta o sobrecusto da débeda no que incorreu por non acudir dende un principio aos mecanismos de financiamento?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 20/11/2018 17:59:07

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

No mes de novembro tivo lugar en Santiago de Compostela a Primeira Conferencia Internacional das Mulleres da Pesca (CIMP), na que se reclamou visibilidade e igualdade de oportunidades. Así, entre as conclusións estableceuse que é preciso mellorar as condicións laborais das mulleres, combater a precariedade laboral, a fenda salarial, a segregación por razón de sexo e as barreiras que dificultan a conciliación da vida laboral, familiar e persoal. Respecto de incentivar o emprendemento feminino deixouse constancia da necesidade de dotar partidas nos orzamentos. Por último, destacou o papel do asociacionismo e liderado feminino no sector, garantindo a presenza de mulleres nos órganos de poder e representación. O presidente da Xunta acudiu a este encontro, e subscribiu estas necesidades.

A situación de Galicia require precisamente destas accións, polo seguinte:

- Galicia perdeu 1.600 mulleres ocupadas desde o ano 2009: De acordo coa Enquisa de Poboación Activa, as mulleres ocupadas no mar no terceiro trimestre de 2018 eran 3.500. No mesmo período do ano 2009, eran 5.100.
- Esta redución é similar á que resulta se tivésemos en conta as afiliacións, xa que no ano 2009, había 6.533 mulleres afiliadas ao réxime do mar, e na actualidade hai arredor de 5.100.
- Respecto dos permisos de marisqueo contabamos con 3.887 mulleres con Permex e no ano 2017 xa baixaron a 2.807.
- O importe medio das pensións do réxime do mar no ano 2017 para o caso das mulleres era de 586,78 euros, fronte aos 1.107,66 euros dos homes.

Estes datos reflicten que en Galicia aínda hai un longo camiño por percorrer para acadar os obxectivos establecidos na CIMP, por iso é preciso coñecer que plans ten o Goberno galego en relación a esta cuestión, e así formulamos as seguintes preguntas:

1ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para que o número de mulleres ocupadas no sector do mar recupere, polo menos, os valores que tiñan en 2009, se for o caso cales?

2ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para que o número de permisos de marisqueo das mulleres no sector do mar recupere os valores que tiñan no ano 2009, de ser o caso, cales?

3ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para rematar coa fenda salarial das mulleres no sector do mar, de se dar o caso, cales?

4ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para mellorar a igualdade de oportunidades das mulleres no sector da pesca, tal e como quedou establecido na Primeira Conferencia Internacional das Mulleres da Pesca, se é o caso, cales?

5ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para rematar coas barreiras que dificultan a conciliación da vida laboral, familiar e persoal no sector do mar, se é o caso, cales.

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:



María Dolores Toja Suárez na data 20/11/2018 18:08:43

Patricia Otero Rodríguez na data 20/11/2018 18:08:55

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A actividade de extracción do percebe está regulada de forma que se consideran dúas vías para a súa extracción: a flote e a pé. Esta regulación atópase establecida na Orde do 30 de decembro de 2015, de regulación de explotacións dos recursos específicos. Esta mesma orde contempla a dificultade de acceso ao percebe con mal tempo, citando expresamente *“A situación complícase no caso de mal tempo, pola dificultade de empregar a embarcación, de maneira que o acceso das persoas tripulantes ás zonas de traballo pode ser por terra, permanecendo a embarcación no porto”* (páx. 2231 DOG xoves 21 de xaneiro de 2016).

No capítulo V, referido aos plans de xestión, na súa sección 3ª de disposicións específicas, o artigo 64 dedícase especificamente aos plans de xestión do percebe. No punto 3 deste artigo establécese: *“Cando nun mesmo plan de traballo se contemplen zonas de traballo a pé e desde a embarcación que non estean separadas para ambos colectivos, as persoas tripulantes só poderán acceder ao recurso por terra cando o mal tempo dificulte o uso da embarcación. Neste suposto, todas as persoas tripulantes dunha embarcación accederán da mesma maneira ao recurso”*

No Percegurú establécense tres cores na lenda: *azul para ondas de menos dun metro, verde para ondas entre un e dous metros, amarelo para ondas entre dous e tres metros, e vermello para maiores de tres metros. Pero, non se contempla o período de onda como factor que determine a cor do “semáforo”*.

O período de onda é o tempo medio en segundos que transcorre entre que as dúas cristas de dúas ondas consecutivas polo mesmo punto en alta mar. Un período alto normalmente significa que o tamaño das ondas é grande, xa que canto maior sexa a altura das ondas maior será tamén a distancia entre as cristas de dúas ondas consecutivas, polo que o período será máis alto. Xeralmente, os períodos baixos proveñen de ventos e correntes locais, en cambio os períodos altos xéranse moi lonxe da costa Os períodos baixos considéranse aqueles menores de 9 segundos, mentres que os períodos altos son aqueles que superan os 9 segundos. En resumo, podemos afirmar que un período alto é aquel que fará que as ondas ao chegar ás nosas costas terán máis forza e tamaño.

Así pode ocorrer que un día que no Percegurú marque ondas de 1 m e período 18, as ondas na costa poidan ser de 2,5 metros na beira. Mentres que un día que marque ondas de 2 m e período 4 o tamaño real das ondas sexa de 1,3 metros ou menos. Desta maneira os días que marque moito tamaño de onda con período baixo serán parecidos aos días que haxa pouco tamaño de ondas con período alto.

Dúas consecuencias teñen lugar a raíz de non incluír no modelo o período de onda, como factor determinante da cor do semáforo o que sen dúbida é unha fonte de conflito entre os profesionais:

-Por un lado, aínda que no Percegurú pode marcar en verde simplemente porque as ondas están por debaixo dos 1,5 metros, a realidade é que na costa as ondas poden ser superiores como consecuencia do período de onda superior a 9 segundos.

-Por outro, ante a esixencia de faenar a flote e non a pé, co semáforo en verde, pode ocorrer que a zona destino estea en verde, pero para acceder a ela haxa que atravesar outras zonas en vermello, e poñemos por exemplo o acontecido na praia da Arnela (verde), á que se accede a través de Punta da Barca ou Punta da Buitra.

Por outra banda, desde o Intecmar indícase que “esta predición xérase automaticamente a partir de modelos numéricos e estatísticos de predición meteorolóxica. A seguridade é responsabilidade de cada individuo polo que en ningún tipo de accidente se poderá derivar ningunha clase de responsabilidade ao Intecmar ou aos datos desta páxina”. Os afectados e afectadas polo modelo, denuncian esta liberación de responsabilidade, cando precisamente é o modelo, o que non ten en conta un parámetro importante como o período de ola, o que determina as condicións de acceso á zona, e que pon en perigo aos traballadores e traballadoras do mar.

A delimitación do mal tempo posúe distintos indicadores posibles, e distintos equipos e medios técnicos para avalialo. Non en tanto, a Lei 14/2014, do 24 de xullo de navegación marítima indica no propio preámbulo, no apartado V que: “*queda garantizada la libertad del capitán para tomar decisiones autónomas en materia de seguridad y medio ambiente*”. Estas atribucións desenvólvense de maneira máis exhaustivas no título III, dos suxeitos da navegación, capítulo III sección 2ª específica sobre o capitán. A Dirección Xeral da Mariña Mercante, a través da Subdirección Xeral de Seguridade, referendou este amparo legal na súa resolución emitida a preguntas de traballadores do sector a través da Capitanía Marítima de Vigo, o 3 de marzo de 2017.

Ante esta situación faise preciso coñecer se o Intecmar vai ou non realizar as modificacións na aplicación para que por un lado inclúa no modelo o período de onda como factor adicional na determinación da cor do semáforo o polo outro, no establecemento da necesidade de faenar a flote, nunha zona determinada, se teñan en conta as posibilidades de acceso a ela.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas ten previstas o Goberno galego para resolver os problemas de seguridade que se están ocasionando para os traballadores e traballadoras das confrarías como consecuencia da non inclusión no Percegurú do período de onda?

2ª) Como valora o Goberno galego incluír as consideracións dos percebeiros e percebeiras, que consideran insuficiente á altura de onda, como factor condicionante e solicitan a inclusión do período de ola, para determinar as condicións que implican o acceso a flote ou a pé?

3ª) Considera o Goberno galego que se pode eximir de responsabilidade legal e moral, cun simple texto, cando é o propio Goberno o que determina as condicións de acceso ás zonas de extracción do percebe, desoíndo as continuas demandas do sector?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 20/11/2018 19:17:01

Patricia Otero Rodríguez na data 20/11/2018 19:17:13

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A actividade de extracción do percebe está regulada de forma que se consideran dúas vías para a súa extracción: a flote e a pé. Esta regulación atópase establecida na Orde do 30 de decembro de 2015, de regulación de explotacións dos recursos específicos. Esta mesma orde contempla a dificultade de acceso ao percebe con mal tempo, citando expresamente “*A situación complícase no caso de mal tempo, pola dificultade de empregar a embarcación, de maneira que o acceso das persoas tripulantes ás zonas de traballo pode ser por terra, permanecendo a embarcación no porto*” (páx. 2231 DOG xoves 21 de xaneiro de 2016).

No capítulo V, referido aos plans de xestión, na súa sección 3ª de disposicións específicas, o artigo 64 dedícase especificamente aos plans de xestión do percebe. No punto 3 deste artigo establécese: “*Cando nun mesmo plan de traballo se contemplan zonas de traballo a pé e desde a embarcación que non estean separadas para ambos colectivos, as persoas tripulantes só poderán acceder ao recurso por terra cando o mal tempo dificulte o uso da embarcación. Neste suposto, todas as persoas tripulantes dunha embarcación accederán da mesma maneira ao recurso*”

No Percegurú establécense tres cores na lenda: *azul para ondas de menos dun metro, verde para ondas entre un e dous metros, amarelo para ondas entre dous e tres metros, e vermello para maiores de tres metros. Pero, non se contempla o período de onda como factor que determine a cor do “semáforo”*.

O período de onda é o tempo medio en segundos que transcorre entre que as dúas cristas de dúas ondas consecutivas polo mesmo punto en alta mar. Un período alto normalmente significa que o tamaño das ondas é grande, xa que canto maior sexa a altura das ondas maior será tamén a distancia entre as cristas de dúas ondas consecutivas, polo que o período será máis alto. Xeralmente, os períodos baixos proveñen de ventos e correntes locais, en cambio os períodos altos xéranse moi lonxe da costa Os períodos baixos considéranse aqueles menores de 9 segundos, mentres que os períodos altos son aqueles que superan os 9 segundos. En resumo, podemos afirmar que un período alto é aquel que fará que as ondas ao chegar ás nosas costas terán máis forza e tamaño.

Así pode ocorrer que un día que no Percegurú marque ondas de 1 m e período 18, as ondas na costa poidan ser de 2,5 metros na beira. Mentres que un día que marque ondas de 2 m e período 4 o tamaño real das ondas sexa de 1,3 metros ou menos. Desta maneira os días que marque moito tamaño de onda con período baixo serán parecidos aos días que haxa pouco tamaño de ondas con período alto.

Dúas consecuencias teñen lugar a raíz de non incluír no modelo o período de onda, como factor determinante da cor do semáforo o que sen dúbida é unha fonte de conflito entre os profesionais:

-Por un lado, aínda que no Percegurú pode marcar en verde simplemente porque as ondas están por debaixo dos 1,5 metros, a realidade é que na costa as ondas poden ser superiores como consecuencia do período de onda superior a 9 segundos.

-Por outro, ante a esixencia de faenar a flote e non a pé, co semáforo en verde, pode ocorrer que a zona destino estea en verde, pero para acceder a ela haxa que atravesar outras zonas en vermello, e poñemos por exemplo o acontecido na praia da Arnela (verde), á que se accede a través de Punta da Barca ou Punta da Buitra.

Por outra banda, desde o Intecmar indícase que “esta predición xérase automaticamente a partir de modelos numéricos e estatísticos de predición meteorolóxica. A seguridade é responsabilidade de cada individuo polo que en ningún tipo de accidente se poderá derivar ningunha clase de responsabilidade ao Intecmar ou aos datos desta páxina”. Os afectados e afectadas polo modelo, denuncian esta liberación de responsabilidade, cando precisamente é o modelo, o que non ten en conta un parámetro importante como o período de ola, o que determina as condicións de acceso á zona, e que pon en perigo aos traballadores e traballadoras do mar.

A delimitación do mal tempo posúe distintos indicadores posibles, e distintos equipos e medios técnicos para avalialo. Non en tanto, a Lei 14/2014, do 24 de xullo de navegación marítima indica no propio preámbulo, no apartado V que: “*queda garantizada la libertad del capitán para tomar decisiones autónomas en materia de seguridad y medio ambiente*”. Estas atribucións desenvólvense de maneira máis exhaustivas no título III, dos suxeitos da navegación, capítulo III sección 2ª específica sobre o capitán. A Dirección Xeral da Mariña Mercante, a través da Subdirección Xeral de Seguridade, referendou este amparo legal na súa resolución emitida a preguntas de traballadores do sector a través da Capitanía Marítima de Vigo, o 3 de marzo de 2017.

Ante esta situación faise preciso coñecer se o Intecmar vai ou non realizar as modificacións na aplicación para que por un lado inclúa no modelo o período de onda como factor adicional na determinación da cor do semáforo o polo outro, no establecemento da necesidade de faenar a flote, nunha zona determinada, se teñan en conta as posibilidades de acceso a ela.

Por iso as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten previstas o Goberno galego para resolver os problemas de seguridade que se están ocasionando para os traballadores e traballadoras das confrarías como consecuencia da non inclusión no Percegurú do período de onda?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 20/11/2018 19:16:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40623
Data envío: 20/11/2018 19:31:08.620

Patricia Otero Rodríguez na data 20/11/2018 19:16:19

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicaba o 29/09/2011 o acordo do Consello da Xunta polo que se aprobou definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Arqueolóxico do Megalitismo, situado na Costa da Morte e que abrangue 15 enclaves megalíticos situados en 8 concellos. O obxectivo: garantir a conservación e posta en valor desa manifestación cultural nas comarcas afectadas polo proxecto, en particular, e con incidencia no resto da comunidade autónoma en xeral. Mais concretamente, permitirá a creación de infraestruturas e actuacións de índole arqueolóxica e arquitectónica sobre cámaras megalíticas de varios termos municipais co fin de promover a difusión dos seus valores culturais, a protección e conservación destas manifestacións, contribuír ao desenvolvemento local e á ordenación do territorio, e fomentar o desenvolvemento sostible nas zonas nas que se intervén.

A día de hoxe, temos que lamentar que a maioría destes bens atópanse en estado de abandono e comidos pola maleza. Cunha deficiente sinalización, accesos en mal estado, e carencia de información nestes xacementos. Algúns deles afectados pola construción de pistas.

Un exemplo do desleixo deste Goberno, pódese apreciar nun simple paseo polo acceso ao Castro de Borneiro, no concello de Cabana de Bergantiños, no que se pode comprobar a desfeita realizada pola Xunta no noso patrimonio castrexo, unha das xoias máis representativas do patrimonio cultural galego, hoxe en estado penoso de conservación cunha escaleira integramente construída en cemento, a ponte de madeira flanqueada por bloques de cemento sobre o chan, o muro que protexe o muíño con combinacións de pedras doutra categoría, todo iso constitúe o acceso a esta infraestrutura.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego o estado de conservación no que se atopa o acceso ao Castro de Borneiro?

2ª) Realizou o Goberno galego algún estudo para establecer outras alternativas previo á construción dunha escaleira integramente feita en cemento que dá acceso ao Castro de Borneiro, ou da ponte de madeira flanqueada por bloques de cemento sobre o chan, en caso positivo, que concluíron eses estudos?

3ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para emendar esta desfeita nunha das xoias máis apreciadas do noso patrimonio cultural galego?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 20/11/2018 16:59:26

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/11/2018 16:59:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/11/2018 16:59:46

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

As eleccións á representación das confrarías de pescadores celebradas neste ano, supuxeron un importante retroceso da situación das mulleres no sector da pesca. Destas resultou un total de 6 mulleres elixidas como patroas maiores. Desde a Asociación de Mulleres do Mar de Arousa achegan a preocupación que supón que unicamente unha de cada dez confrarías galegas estarán dirixidas por unha muller nos vindeiros 4 anos, afastándose da xestión e da toma de decisións.

Resulta especialmente preocupante a redución do número de candidaturas femininas no inicio do proceso que reflicte a falta de interese por liderar o proceso por parte das mulleres. Pero tamén obedece a unha realidade que se produce en múltiples ocasións, e trátase da imposibilidade de acudir a estes procesos por distintas causas, nas que sen dúbida está o desigual reparto das cargas familiares, sendo as mulleres aínda hoxe en día, as que soportan a maior parte das responsabilidades do fogar.

As mulleres seguen, polo tanto, nun segundo plano, desaproveitándose así moito talento. É necesario visualizar o traballo das mulleres e mellorar o seu empoderamento.

É imprescindible levar a cabo unha análise que permita determinar as causas que motivan estes feitos, e sobre a súa base, determinar as posibles accións a levar a cabo para acadar as garantías para que as mulleres teñan plena participación nos órganos de goberno e valorar incluso a posibilidade de establecer cotas que garantan unha transición máis rápida cara á paridade.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego o resultado das últimas eleccións celebradas á representación das confrarías de pescadores en canto á representación das mulleres?

2ª) Como valora o Goberno galego o reducido número de candidaturas femininas no proceso?

3ª) Analizou o Goberno galego a baixa representación feminina nos órganos de goberno relacionados co mar?

4ª) Cales cre o Goberno galego que son as causas?

5ª) Vai levar a cabo algún tipo de xestión encamiñada a acadar de xeito máis rápido a paridade nos órganos de goberno do mar?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 20/11/2018 19:57:44

Patricia Otero Rodríguez na data 20/11/2018 19:57:55

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2018 19:58:06



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:14
Nº Rexistro: 40650
Data envío: 21/11/2018 12:14:17.858

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Do ano 1993 ó 2018 van 25 anos. As chamadas Concentracións Parcelarias Foron creadas para seren ferramentas políticas ó servizo do desenvolvemento agrario ou do monte para supera-las carencias de infraestruturas e a atomización da propiedade.

Ó ritmo que andan os tempos, nos últimos tempos, a demora de 25 anos en materializa-las expectativas de modernización e de impulso da actividade agraria son toda unha vida. Os responsables desta fraude están cercanos ó delito.

As parroquias de Estás, de Goián e de Figueiró, no concello de Tomiño, gozan dunhas condicións climatolóxicas, de solos e de tradición agraria avantaxadas. A súa agricultura e os aproveitamentos industrial e comercial que se derivan desta fan desta zona un lugar fértil e moi activo economicamente.

Son tres eixes fundamentais:

-- Planta ornamental cun sector viveirista con pegada en toda a comarca, con 450 empregos directos e máis de 200 indirectos. Produce e comercializa exportando un 60% cun movemento aproximado de 50ME anuais.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:14
Nº Rexistro: 40650
Data envío: 21/11/2018 12:14:17.858

-- O cultivo do kiwi está espallado por todo o territorio do concello con fortes empresas que cultivan e comercializan as colleitas de decenas de produtores particulares.

-- E logo está o viño con plantacións das principais empresas vitícolas da comarca con centos de Has adicadas ó viñado, albariño e rosál, dentro da DO Rías Baixas.

Sector agrícola, pois, que actúa coma un importantísimo motor económico e laboral. Un sector necesitado de solo produtivo ordenado, de infraestruturas e que supere os atrancos derivados da atomización tradicional da propiedade.

Ninguén entende xa a estas alturas que en 25 anos non se dese rematado este proceso de reestruturación, que non se teñan respostado as alegacións e que non se teñan entregado os títulos de propiedade. Unha vez máis un proceso de reestruturación ideado para implementar e facilitar a actividade agraria se converta en todo o contrario: un atranco pola ineptitude das autoridades políticas do servizo de reestruturación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Cal é a situación na actualidade dos procesos de Concentración Parcelaria nas parroquias de Estás, Goián e Figueiró no concello de Tomiño?

- Que atrancos ou dificultades impiden o remate destes procesos e que medidas se están a tomar para superalas?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pensa tomar o goberno galego algunha medida no tocante a mobilidade de terras para que propietarios e emprendedores poidan aumentar a súa produción ou desenvolver novas iniciativas?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2018 12:11:53

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2018 12:11:58

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2018 12:11:59

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2018 12:12:00



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:14
Nº Rexistro: 40650

Data envío: 21/11/2018 12:14:17.858

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2018 12:12:02

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2018 12:12:03



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:36
Nº Rexistro: 40657
Data envío: 21/11/2018 12:36:13.582

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre o seguimento e avaliación do grao de cumprimento da Lei 11/2007 en materia de coeducación.

Hai máis dunha década que o Parlamento de Galiza aprobou a Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

No seu articulado, este texto legal recolle a elaboración por parte do Consello escolar de Galiza, en colaboración co departamento da Xunta competente en materia de igualdade, dun informe anual sobre a situación da coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Galiza (artigo 22.3).

Porén, malia o tempo transcorrido, non se ten publicado –se é que se ten feito– informe algún ao respecto, malia teren carácter anual.

En 2016 a Xunta de Galiza aprobou o I Plan de actuación en igualdade para os centros educativos (2016-2020) que recolle a coeducación como un “un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres”.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, sitúa como primeiro eixo de actuación “afondar no modelo coeducativo e introducir a perspectiva de xénero nas súas dinámicas”.

Neste senso, en maio de 2018 constituíuse a Comisión de traballo de Coeducación no seo do Consello Galego das Mulleres que, no entanto, fora anunciado en xuño de 2017. O obxectivo deste grupo de traballo é, segundo o goberno galego, impulsar “a educación en igualdade e propor medidas” en materia de coeducación.

Este mesmo ano 2018 o CIFP Politécnico de Lugo presentaba publicamente o seu Plan de Igualdade converténdose no “primeiro centro educativo que implanta” esta ferramenta, cando menos no ámbito da Formación Profesional.

Se ben Galiza ten avanzado nos últimos anos, é preciso –como recolle a propia Lei 11/2007 no seu artigo 22.3, facer un seguimento e avaliación dos pasos que se teñen dado até o momento, do grao de implementación das medidas de educación en igualdade e coeducación nos centros e da distribución territorial dos mesmos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Como valora a Xunta a situación da coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Galiza?

- Cal é a valoración do Consello escolar de Galiza a este respecto?

- Cantos centros de ensino públicos contan con equipas de coeducación? E con Plans de igualdade?

- E cantos privado concertados?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:36
Nº Rexistro: 40657
Data envío: 21/11/2018 12:36:13.582

- De que maneira desenvolven a coeducación e/ a educación en igualdade os cinco centros de ensino financiados con fondos públicos que segregan o alumnado por sexo nas aulas?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2018 12:33:29

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2018 12:33:34

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2018 12:33:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2018 12:33:37



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 12:36
Nº Rexistro: 40657
Data envío: 21/11/2018 12:36:13.582

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2018 12:33:39

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2018 12:33:40



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 13:17
Nº Rexistro: 40662
Data envío: 21/11/2018 13:17:27.379

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao asolagamento de Viveiro.

Na noite do domingo 18 de novembro de 2018 a Xunqueira, no Concello de Viveiro, sufriu unha riada que asolagou a vila causando, alén de numerosos danos materiais, a morte dunha veciña.

No centro do debate social e política sitúase o estado no que se atopaba o río nun lugar no que a toponimia xa nos advirte do estado do terreo, moi húmido.

Segundo a veciñanza os restos de diversas cortas “quedaron literalmente enriba do río” o que tería provocado un tapón na Ponte de Pedro Mestre. Así mesmo, a veciñanza asegura ter informado e requirido as autoridades sobre esta situación, a última ocasión en decembro do pasado ano a través dunha carta que enviada á Consellaría de Medio Ambiente, Augas de Galiza e ao Concello de Viveiro.

É obvio que a magnitude das consecuencias do asolagamento, especialmente o falecemento dunha veciña, exixen que se investiguen en



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 13:17
Nº Rexistro: 40662
Data envío: 21/11/2018 13:17:27.379

profundidade as causas e, sobre todo, que se adopten as medidas que deben ser adoptadas para evitar que algo así poida acontecer de novo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Ten analizado a Xunta de Galiza o estado do río que asolagou a Xunqueira, no Concello de Viveiro?
- Tiña constancia o Goberno galego das denuncias da veciñanza que advertían do tapón provocado por restos de desbroce na Ponte de Pedro Mestre?
- Por que non se limpou o río?
- Que medidas prevé impulsar o Goberno galego, no marco das súas competencias, para evitar que algo como o acontecido o 18 de novembro poida repetirse?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 13:17
Nº Rexistro: 40662
Data envío: 21/11/2018 13:17:27.379

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2018 13:15:29

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2018 13:15:33

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2018 13:15:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2018 13:15:36

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2018 13:15:38

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2018 13:15:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

A Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en situación de Dependencia, FUNGA, é unha fundación destinada ao impulso da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia. Constituída en 1996, é unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, declarada de interese galego, encargada de prestar unha “atención persoal, xurídica e patrimonial especializada ás persoas maiores de idade coa capacidade de obrar modificada xudicialmente ou incursas nun procedemento sobre a capacidade das persoas e das que os órganos xudiciais atribuían á Xunta de Galicia o desempeño dos diversos cargos protectores.”

Para dita fundación consígnanse os seguintes créditos nos Orzamentos da Xunta de 2019: 1.007.356 € e 4.670 €, un total de 1.012.026 €.

Segundo os datos da propia FUNGA, en 2016 exerceu un total de 3010 cargos protectores, fronte aos 68 de 1997.

Estamos a falar que a FUNGA se ocupa de casos de persoas con trastornos mentais, persoas maiores e/ou con alto grao de dependencia e casos de emerxencia social graves, como situacións de persoas con diversidade sexual que sofren abusos sexuais. Persoas incapacitadas xudicialmente ás que, cando non hai ningunha persoa no entorno familiar ou social idónea para a súa tutela, as tutela a FUNGA.

É dicir: o obxectivo último é fomentar a autonomía persoal das persoas, finalidade que non é posíbel acometer tanto polo escaso persoal como polo que parece unha ausencia de protocolo para o seguimento das persoas tuteladas pola



FUNGA. Así pois, os fins de interese xeral recollidos no artigo 6 dos Estatutos da Funga, na práctica, non se acadan.

A propia Xunta ten admitido que “a previsión actual é que” a tendencia á alza no número de persoas tuteladas pola FUNGA “se manteña nos vindeiros anos en base ao progresivo envellecemento da poboación galega así como ao incremento nos últimos tempos do número de persoas beneficiarias, cada vez máis novas, diagnosticadas con trastornos mentais. Todo isto subliñado polo desarraigo familiar existente na nosa sociedade en relación con estes sectores da poboación, motivado en moitos casos polas dificultades que lles entraña ás familias a atención das persoas con este tipo de padecementos”.

Sen embargo, a Xunta non acompaña estas previsións nin con aumento orzamentario significativo nin cun aumento do persoal. A FUNGA tiña 23 traballadores e traballadoras en 2017 para supervisar a máis de tres mil persoas, o que manifestamente impide prestar unha atención personalizada. En 2014, contaba con 22 traballadores e traballadoras; 16 en 2015; 20 en 2016. En 2018, manterá o mesmo persoal que en 2017. Aínda así, a Xunta prevé “promover o incremento da atención persoal mediante o aumento do número de visitas” ou revisar “as prestacións das que son beneficiarios os pupilos co fin de acadarlles as máis beneficiosas”.

O seguimento social dos casos é fundamental para fomentar a autonomía das persoas, pero con este cadro de persoal é materialmente imposible. O que sucede, na práctica, é que asumen as funcións da FUNGA tanto os Servizos Sociais Comunitarios como entidades como Cáritas.

Hai que ter en conta que a fundación foi condenada por contratar ou despedir de xeito irregular a traballadores e traballadoras e que houbo sentenzas que obrigaron a converter en indefinidos a traballadores contratados como interinos e



que anularon o despedimento dunha traballadora, logo de ser elixida delegada sindical.

En maio de 2018, a Consellería de Política Social cubriu a praza de Dirección-Xerencia da FUNGA, vacante dende 2015, cun cargo do PP de Ferrol sen experiencia no eido social.

Asemade, nos últimos anos, son varias as sentenzas xudiciais nas que se evidencia que as persoas tuteladas por dita fundación cometen delitos ou son vítimas dos mesmos e hai evidencias de falta de atención, directamente relacionada coa escaseza do persoal, tendo en conta o número de persoas tuteladas.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a

1. Como vai garantir o cumprimento dos fins da FUNGA co raquíτικο quadro orzamentario e de persoal?
2. Como vai a FUNGA aumentar as visitas ás persoas tuteladas co mesmo quadro de persoal que en 2018?
3. Que valoración fai a Xunta acerca da eficacia da FUNGA?
4. Que protocolos de seguimento das persoas tuteladas existen?
5. Parécelle suficiente a coordinación cos Servizos Sociais Comunitarios coa FUNGA?
6. Non considera a Xunta que hai unha relación entre a situación de falta de persoal e os casos de persoas tuteladas que cometeron ou foron vítimas de delitos, ou que se viron obrigadas a exercer a mendicidade?



7. Parécelle que o nomeamento da Dirección-Xerencia da Xunta garante a cualificación necesaria para dito cargo?

8. Que retribución ten este cargo de alta dirección?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 21/11/2018 13:16:37

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

A grave crise económica global iniciada en 2007 serviu de escusa aos grandes poderes financeiros internacionais para erosionar, aínda máis, o papel dos Estados. No marco das contrarreformas neoliberais aplicadas no Estado español especialmente dende 2011, cando se reforma o artigo 135 da Constitución española, dispoñendo que “todas as administracións públicas adecuarán as súas accións ao principio de estabilidade orzamentaria”, encorsetando os límites do déficit e da débeda pública, aprobouse no Parlamento de Galicia, cos únicos votos do PP e co rexeitamento unánime das forzas políticas da oposición e dos sindicatos, a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 1/2012 remarca, na súa exposición de motivos, que se trata dunha “serie de medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal” e que a vixencia da lei queda “supeditada á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan á sostibilidade das contas públicas”.

Dita Lei 1/2012 suspende unilateralmente preceptos contidos no Vº Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia; entre eles, suspéndese “a aplicación do artigo 19, excepto o apartado 1, do Vº Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia”, en canto a descansos e libranzas.

Á marxe da opinión de En Marea a respecto do efecto nocivo destas leis para a recuperación económica e, sobre todo, para as condicións materiais da maioría social, e á marxe da gravísima situación social que padece o noso País, a nivel



macroeconómico, no ano 2017 o PIB galego recupera as cifras do ano 2008, téndose iniciado en 2014 unha fase alcista do ciclo económico.

A pesares de que a propia Lei/2012 dispuña que “as medidas contempladas” ... “serán revisadas nun prazo de dous anos dende a entrada en vigor da mesma, en función da evolución do PIB real de Galicia e do aforro primario dos Orzamentos”, pasados case seis anos, a norma continúa vixente.

As consecuencias da suspensión de dereitos laborais do persoal da Xunta – especialmente do artigo 19 do Vº Convenio - repercuten directamente sobre a saúde laboral do mesmo e sobre a calidade dos servizos públicos, en contra do criterio da propia Lei 1/2012, que se refire a que a adopción das medidas contempladas na mesma non pode “menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais”.

O recorte do dereito a descanso do persoal laboral lesiona as posibilidades de conciliación, orixina stress e aumenta a accidentabilidade laboral. No caso da Consellería de Política Social, na que as carteleiras de traballo nos distintos centros, que se negocian ano a ano, continúan moi axustadas, case a metade dos accidentes laborais na Xunta nos últimos anos se deben ao “sobreesforzo” (no primeiro semestre de 2018, Política Social encabeza o número de accidentes da Xunta, con 121 partes; en global, 142 son mulleres e 43 homes, polo que queda claro que as traballadoras de Política Social son as que mais accidentes teñen), tendo unha relación clara coa falta de persoal adecuado ás tarefas que se desempeñan nos distintos centros e coa falta de descanso, sobre todo en traballos que se realizan en quendas (consellerías de Política Social, Medio Rural e Medio Ambiente). As situacións máis graves prodúcense nos centros de maiores, tanto pola integración nos mesmos de persoas con trastornos psiquiátricos como pola tardanza na valoración do grao de dependencia en moitas persoas residentes. Deste xeito, as rateos non son reais, non se cobren todas as baixas e ausencias do persoal – maioritariamente feminino e cada vez máis envellecido – traballa baixo



mínimos, tendo o persoal que queda na quendas cubrir o traballo do posto que está de baixa.

Asemade, é preciso aumentar os planteis de persoal, dignificando o emprego de fin de semana, creando prazas estables, e compensando as adaptacións de postos de traballo, dotándose dun número de persoal suficiente para atender todas as necesidades nos centros de atención directa.

Téndose recuperado o PIB non é tolerable o mantemento de recortes de dereitos ao persoal público e, en ningún caso, é admisible a precariedade na prestación de servizos públicos esenciais por parte da Xunta.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a

1. Cando vai derrogar o Goberno Galego a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia?
2. Vai a Xunta acordar coas organizacións sindicais representantes do persoal público a recuperación íntegra de todos os dereitos perdidos durante a crise?
3. Aproveitou a Xunta a crise para precarizar máis os servizos públicos, na vontade de privatizar os mesmos e reducir, cada vez máis, o papel dos organismos do Estado no conxunto da economía?
4. Vai a Xunta impulsar algunha acción preventiva a respecto da accidentabilidade laboral en Política Social?
5. Non considera a Xunta que a falta de persoal e de descanso incide directamente na alta sinistralidade do persoal dos centros de atención directa de Política Social?



Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 21/11/2018 13:49:51

Á MESA DO PARLAMENTO.

Luís Villares Naveira e **Paula Vázquez Verao**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 1.^a**, sobre a necesidade de reprobación do alcalde de Baralla por reincidencia nas súas manifestacións.

Sorprendía o alcalde de Baralla hai uns anos cunhas manifestacións durante o pleno nas que falaba da sorte que correran as persoas asasinadas polo réxime ditatorial franquista, despois do Golpe de Estado contra a II República no ano 1936.

Así, as estas declaracións “os mortos do franquismo será que o merecían” durante un pleno no mes de xullo do ano 2013 sumáronse as que se coñeceron posteriormente, doutro pleno celebrado o 21 de decembro de 2017. Nel, ante unha proposta de emenda sobre os orzamentos do 2018, na que se propoñía unha medida para incentivar/premiar a natalidade no concello, cun presuposto de 15.000 euros dos que se atribuirían 1000€ por cada nacemento no ano 2018 manifestou o seguinte: "as capas sociais máis baixas son as que teñen os nenos" e "non coidan".

Despois desenvolveu outros argumentos baseados en tópicos e prexuizos sobre o colectivo de persoas de etnia xitana, así "aos xitanos, sen desprecialos, dálles igual ter seis ca sete" e "si puideran cada tres meses nacía un".

Rematou a intervención facendo un análise sobre a bondade da proposta, inda que “a axuda en si mesma non axudaría en exceso a impulsar a natalidade, xa que as axudas nin van nin veñen e inda que calquera axuda é boa, a xente non se vai



arranxar con iso”. Tamén sinalou a conveniencia de “establecer baremos estritos para evitar situacións discriminatorias e sangrantes”

Estas manifestacións amosan a escasa calidade democrática, o carácter ditatorial do propio alcalde, o nulo respecto por as minorías baseadas en tópicos e prexuízos. Ademais, amosa unha concepción clasista sobre quen pode ou ter fillos ligado a como os tratan, como se nacer nunha familia establece os parámetros de coidados e de educación que se reciben.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a

- 1.- Que opinión lle merece á Xunta as manifestacións, nun pleno, sobre a condición de quen pode ser ou non nai?
- 2.- Vai tomar algún tipo de iniciativa a Xunta con respecto a este caso?
- 3.- Que consideración lle merece á Xunta as declaracións, que ofenden pola cantidade de prexuízos que manifestan de xeito explícito?
- 4.- Considera a Xunta que é un digno representante da democracia quen fai este tipo de manifestacións nun pleno dun concello?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Luis Villares Naveira na data 21/11/2018 16:33:46

Paula Vázquez Verao na data 21/11/2018 16:33:53

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 7.ª**, sobre as medidas que a Xunta de Galiza debe adoptar con respecto á oliveira galega.

Aínda que o noroeste de España non estaba considerado como área de cultivo tradicional de oliveiras, o cultivo desta estivo presente desde tempos inmemoriais, sendo citada a súa existencia por Herrera en 1513 ou por Hidalgo-Tablada, en 1870. A importancia que a oliveira tivo na antigüidade nesta zona, queda patente pola existencia de numerosos restos arqueolóxicos, como lagares primitivos destinados ao prensado da oliva dos séculos I-II A. C..

A desaparición do cultivo en Galicia non foi debida á falta de calidade dos seus aceites, senón aos altos impostos sobre as oliveiras decretadas polo Conde Duque de Olivares na primeira metade do século XVII.

Actualmente existe unha asociación dedicada a produción e transformación de aceite, a Asociación de Produtores de Aceite e Oliva de Galiza (APAG) que conta na actualidade con máis de 100 persoas asociadas que, entre elas, suman unhas 113 hectáreas e 130.000 oliveiras cultivadas no país.

Unha recente investigación, do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), catalogou xa máis dunha ducia de variedades de oliveiras autóctonas. Aínda que nas plantacións recentes de oliveiras en Galicia as variedades foráneas como a Arbequina ou a Picual, propias de Cataluña e Xaén respectivamente, son as predominantes, este estudo abre a porta a optar por variedades autóctonas na produción de aceite na comunidade. Ademais, os primeiros resultados do traballo



revelan unha baixa incidencia de afeccións sanitarias nas oliveiras galegas e gran calidade e orixinalidade do aceite destas variedades.

A existencia destas oliveiras e o seu cultivo en Galicia esténdese principalmente polo sur da provincia de Lugo e distintos puntos das provincias de Ourense e Pontevedra.

Polo momento, a investigación permitiu xa a catalogación de 13 variedades diferenciadas e autóctonas de Galicia. Unha conclusión que leva parello un traballo tanto de documentación como de análise de campo no que o grupo percorreu o territorio galego nunha fase de mostraxe dos exemplares centenarios.

Unha vez localizados as oliveiras, o grupo realizou estudos botánicos e agronómicos durante varios anos para lograr resultados contrastados xa que as condicións climáticas inflúen nas características do froito e o aceite cada ano, polo que é preciso repetir o estudo durante varias campañas para lograr datos fiables das características xerais, dos froitos e os aceites. Tamén analizaron o ADN da planta neste proceso de identificación.

Na fase de identificación, o grupo tamén realizou unha descrición botánica dos exemplares e variedades nas que detallaron a flor, a folla ou as olivas. Esta etapa do proceso foi clave para poder comparalos con outras variedades de distintos países e doutras zonas de España.

O estudo pormenorizado dos exemplares de oliveiras en Galicia tamén permitiu constatar que apenas están afectados por patoloxías sanitarias que se están estendendo a gran velocidade noutras zonas da Península Ibérica.

A investigación tamén incluíu a elaboración, a pequena escala, do aceite destas variedades e os primeiros resultados arrojan que se trata de aceites de gran calidade ademais de orixinais.



Certo é que a Dirección Xeral de Gandería e Industrias Agroalimentarias da Xunta de Galicia presentou unha solicitude de recoñecemento oficial das descrições de Brava galega e Mansa galega aos responsables do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, máis dende En Marea parécenos pouco o que se está a facer pola oliveira galega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a

Que medidas ten pensado acometer a Xunta de Galicia para a protección e promoción destas castes autóctonas?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 21/11/2018 17:17:00

David Rodríguez Estévez na data 21/11/2018 17:17:06

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Francisco Casal Vidal, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**, relativa á afectación do Camiño de Santiago por parte do proxecto da mina de cobre de Touro-O Pino.

Un recente informe técnico do Comité Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS), organismo asesor da UNESCO en materia de conservación do Patrimonio Mundial, confirmou as graves ameazas contra o trazado do Camiño Francés e a súa axeitada conservación tras unha minuciosa análise do proxecto mineiro e a documentación achegada pola propia empresa promotora Atalaia Mining-Explotacións Galegas S. L.

Dito informe subliña que o proxecto “supón unha clara violación da normativa de protección” que non só invade a contorna do Camiño Francés senón que supón a destrución material de parte do seu trazado, “ contravindo a lexislación -nacional e internacional- vixente na materia”.

Cómpre lembrar que para que un Ben Cultural sexa incluído na Lista de Patrimonio Mundial as administracións responsables da súa custodia deben responsabilizarse dunha estrita preservación do mesmo para que conserve os seus valores de identidade.

Porén, no citado informe, ICOMOS afirma que a actuación das administracións contradi “os compromisos adquiridos polo Estado español ao promover a inscrición do Camiño de Santiago na Lista do Patrimonio Mundial”. En



particular, o organismo internacional de custodia do patrimonio cultural sinala que “non se tivo en conta a necesidade de previr ao Comité do Patrimonio Mundial respecto a actuación que se pretende realizar”, en alusión ao proxecto da mina de cobre de Touro-O Pino.

Tras un detallado estudo do tramo afectado, sinálase unha lista de afeccións negativas que provocaría o proxecto mineiro, que inclúe tanto o deterioro do medio natural inherente ao Camiño de Santiago –que segundo o informe afectaría polo menos a 2,7 millóns de peregrinos durante a duración da actividade extractiva da mina– como a destrución de parte do “itinerario xacobeo protexido” entre Quión e Arca e de parte dos bens culturais asociados ao Camiño. O resultado desas afeccións, sumadas a outras agresións sufridas pola ruta xacobeana nos últimos anos, supón unha “perda continuada dos valores patrimoniais” que pode implicar unha “profunda repercusión pola súa influencia na identidade do propio Camiño”.

En canto a esta perda de identidade, o informe de ICOMOS lembra o seguinte: "No caso da perda dos valores excepcionais polos que foi incluído na Lista do Patrimonio Mundial un Ben Cultural, ou que o Estado parte non solvente os perigos comprobados ou potenciais que afecten o Ben, este pode ser excluído da Lista do Patrimonio Mundial pola UNESCO"

A FICS, como entidade que agrupa a peregrinos e expertos no Camiño de 27 países, desde o primeiro momento preocupouse pola posible afección deste desproporcionado proxecto ao pé mesmo do Camiño Francés. O informe técnico citado, elaborado polos expertos do organismo de referencia en materia de conservación do Patrimonio Mundial, confirma que estamos ante unha das maiores ameazas á conservación do Camiño de Santiago como ben cultural de valor universal. Por este motivo a FICS, tras reunirse con empresa promotora e plataforma de afectados e despois de levar a cabo estudos sobre o terreo por parte



dos seus propios expertos, obtendo conclusións que agora veñen referendadas polo informe de ICOMOS, expresa o seu rotundo rexeitamento a este proxecto, completamente alleo ao contexto xacobeo, que supón unha ameaza aos valores culturais do Camiño, e demanda ás administracións responsables que poñan todos os medios que a Lei pon á súa disposición para impedir o que, con toda probabilidade, podería converterse no maior atentado patrimonial sufrido polo Camiño de Santiago en chan galego.

Segundo a Fraternidade Internacional do Camiño de Santiago que cita o mencionado Informe as consecuencias que esta produciría e as recomendacións específicas para evitar ditas afeccións serían :

- Grave impacto negativo con posibilidade de desaparición do ramal histórico e documentado do camiño que une Arzúa co Amenal recoñecido como camiño histórico do tramo Quión-Arca.
- Grave impacto negativo, con posibilidade de desaparición, das Mámoas 1 e 2 de Pena Alta e do Castro da Copa.
- Afección importante e negativa aos valores paisaxísticos, ambientais e intanxibles da área territorial que conforma o entorno ambiental do Camiño de Santiago que lle impregna o seu carácter.
- Impacto negativo sobre el camiño histórico Camiño de Rosas-Loxas-San Sadurniño, elemento que estrutura o camiño que enlaza en San Sadurniño co ramal histórico Arzúa-Amenal.
- Interferencia física e/ou visual do Muíño de Ferradal, do Muíño de Armida, do Muíño de Ares e dalgunhas igrexas parroquiais. Este itinerario está recollido na Carta Xeométrica de Galicia (1834) de Domingo Fontán, referenciado como estrada provincial. No concello do Pino, conserva a súa traza e infraestrutura viaria: dúas pontes, vexetación autóctona, ermida e igrexa.



Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Coñece a Xunta as consecuencias da ameaza que suporía perder para o Xacobeo a condición do Camiño Francés como Patrimonio da Unesco e Patrimonio da Humanidade lanzada polo ICOMOS?
- 2.- Que medidas pensa tomar a Xunta para garantir a identidade do Camiño Francés ao seu paso polos concellos do Pino e Touro ante a ameaza da reapertura da mina?
- 3.- Por que non se conservan os camiños Arzúa-Amenal por Quión e Arca e o camiño Rosas-Loxas-San Sadurniño? A que se debe que non se inclúan como ramais do Camiño por medio da Lei de patrimonio cultural de Galicia?
- 4.- Que medidas de recuperación e conservación vai realizar a Xunta naqueles tramos onde se atopan o camiño máis degradado?
- 5.- Que medidas de protección vai realizar a Xunta para que todos os camiños e bens que nel se inclúen se atopen en condicións óptimas para a próxima celebración do Xacobeo?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Francisco Casal Vidal



Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 21/11/2018 18:09:51

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/11/2018 18:09:59

Francisco Casal Vidal na data 21/11/2018 18:10:09

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para o seu debate na Comisión 2ª.

Na madrugada do domingo ao luns, unha forte tromba de auga desatou unha riada que arrasou o barrio de Xunqueira en Viveiro, arrastrando coches, provocando danos en vivendas, anegando cortellos e alpendres e, o que é o máis grave, provocando a morte dunha veciña do barrio de 83 anos.

Todos os anos a asociación “Valdeflores” de Xunqueira remite cartas á Consellería de Medio Ambiente e Augas de Galicia pedindo a limpeza do río Xunqueira, antes dos temporais de outono, advertindo das posibles consecuencias de non facelo, é dicir, o atranco das pontes e inundacións, que foi o que ocorreu nesta ocasión. Dada a cantidade de maleza e árbores que levaba o caudal que inundou o barrio de Xunqueira, varias das persoas afectadas aseguran que a falla de limpeza do río foi unha das causas da riada e lembran que levan meses, incluso anos, esixindo ao Goberno galego unha solución.

O primeiro que dixo Augas de Galicia foi que os seus técnicos estiveran en setembro na zona asolagada e observaran que “a zona estaba en boas condicións”, e que esas inundacións foron froito unicamente do fenómeno meteorolóxico. Pero o certo é que os problemas se iniciaron río arriba porque o Goberno concede permisos para a tala de árbores vadeando os ríos, pero despois non se preocupa de comprobar como quedan as cousas, o estropicio que deixan nas canles dos ríos e as pistas cheas de biomasa. E precisamente, esa falla de limpeza da canle do río Xunqueira foi recoñecida por Augas de Galicia, que xa di agora que “nese desastre influíron outros factores externos que van investigar, entre eles o estado no que deixaron a canle e as ribeiras as empresas forestais que levaron a cabo talas de eucaliptos nos últimos tempos”. Por iso a asociación “Valdeflores” de Xunqueira advirte de que se se volve a repetir o fenómeno meteorolóxico acontecido volverán ter o mesmo problema que na noite do 18 de novembro, polo que solicitan a Augas de Galicia, organismo responsable, que limpe e drague de forma urxente o río nesa zona e que desatranque a canle de árbores caídas na parte superior do río.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) É o barrio da Xunqueira de Viveiro zona de fluxo preferente?
- 2ª) Existe risco de inundación no barrio pola súa proximidade o río Xunqueira?
- 3ª) Sabe o Goberno da Xunta de Galicia se fixo Augas de Galicia un seguimento das condicións nas que quedou a canle do río Xunqueira despois da tala autorizada de árbores?
- 4ª) Pensa o Goberno galego que, de se ter realizado ese seguimento para que a canle e a ribeira do río de Xunqueira se atopasen limpas, se producirían esas inundacións?
- 5ª) Ten planificado o Goberno galego acometer a rexeneración e a dragaxe do río nesa zona e o desatranco da canle de árbores caídas na parte superior do río, en caso afirmativo, en que prazo?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 21/11/2018 18:26:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/11/2018 18:26:51

María Luisa Pierres López na data 21/11/2018 18:27:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Manuel Lago Peñas, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para o seu debate na **Comisión 3.^a**

Noa Madera Creativa, sita en Vilar do Colo, Fene, vén de presentar un expediente de regulación de emprego extintivo para cen dos seus 250 traballadores, isto é, para o 40% do cadro de persoal. A empresa argumenta que o fai por causas económicas e produtivas, resultado do recorte de pedidos das tendas de Inditex. Porén, isto non se axusta a realidade, xa que a firma encadea 8 anos de crecemento continuado, o mellor dos cales foi o 2017. O feito de que fai meses a empresa fora mercada a bo prezo polo Grupo Malasa, que se dedica aos mesmos sectores que Noa, é tamén sintomático de que o seu estado de saúde é bo, xa que doutra maneira non tería sido atractiva para os compradores.

Así, todo apunta a que os despidos masivos son unha torpe estratexia para “empeorar as condicións laborais e ir cara un modelo semellante ao que aplica o Grupo Malasa, cunhas condicións laborais máis precarias e cun alto número de traballadores con contratos temporais, así como quedar co carteira de clientes de Noa”, tal e como afirma o comité de empresa da compañía.

Os despidos masivos serían una traxedia inmensa para o conxunto dos traballadores e das traballadoras, e para as súas familias, e tería un impacto funesto no conxunto da comarca, polo que asunto ten un carácter que transcende os dramas individuais. O ERE que se pretende impoñer en Noa é un gravísimo problema social que obriga ao Goberno a ofrecer unha resposta urxente. O



Parlamento de Galicia ten que adoptar unha postura ao respecto e tomar as medidas oportunas para protexer aos traballadores e as traballadoras.

A Corporación do Concello de Fene –cuxo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal, milita no Partido Popular– manifestou xa o seu apoio e a súa solidariedade aos traballadores e traballadoras. Por unha cuestión de estrita coherencia, agardamos que o Goberno autonómico se pronuncie do mesmo xeito e traduza as súas palabras en políticas concretas en defensa do emprego.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que subscriben presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia do acontecido con Noa Madeira Creativa?
- Como explica que se produza un ERE despois de 8 anos de crecemento continuado, o mellor dos cales foi o 2017?
- Que impacto pensa que podería ter na contorna o despido de 100 traballadores e traballadoras?
- Que vai facer o Goberno para protexer aos traballadores e traballadoras e, polo tanto, ás súas familias e ao tecido económico e social da contorna?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Deputada e deputado do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 21/11/2018 19:20:30

José Manuel Lago Peñas na data 21/11/2018 19:20:42

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O pequeno comercio, máis alá da súa influencia no traballo, ten un carácter social e é importantísimo para o tecido social e produtivo das cidades e barrios. Non obstante, os novos hábitos de consumo (compra *online* e en grandes superficies comerciais) da xente están abocando ao peche de moitos dos comercios tradicionais e pequenos situados na nosa contorna.

O rexistro de baixas de autónomos da Seguridade Social cifra en máis de 1.000 os establecementos que botaron o peche en Galicia nos primeiros nove meses do ano, (último dato dispoñible), comparando os datos de primeiros do ano cos do 31 de outubro de 2018. Ademais, se nos centramos unicamente no mes de outubro vemos que aproximadamente uns 10 establecementos de media ao día pecharon.

Por outro lado, vemos que o problema e máis, como xa comentamos, é máis profundo. Os cambios nos hábitos de consumo afectan directamente ao pequeno comercio xa que, a xente está a comprar máis ca nunca, pero faino sen saír á rúa. Segundo o informe de Comercio Electrónico, elaborado pola CNMC, no primeiro trimestre do 2018 en comparación co mesmo trimestre do ano anterior, o comercio electrónico en España aumentou case un 33 %.

Este contexto fai que a situación sexa moi complicada, tanto para os negocios de sempre como para os novos, xa que tanto a posta en marcha como a competencia fan que sexa moi difícil facerse cun espazo propio.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten a Xunta de Galicia algunha medida en marcha para apoiar o pequeno comercio ante os novos retos, de ser afirmativa a resposta, cales?

2ª) Que medidas pensa poñer en marcha o Goberno galego para paliar e reverter o continuo peche de pequenos comercios?

3ª) Que está a facer a Xunta de Galicia en relación co apoio e impulso do comercio electrónico en Galicia e cales son os resultados?

4ª) Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a situación antes descrita na que se atopan os pequenos comerciantes?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/11/2018 10:21:16

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/11/2018 10:22:02

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O pequeno comercio, máis alá da súa influencia no traballo, ten un carácter social e é importantísimo para o tecido social e produtivo das cidades e barrios. Non obstante, os novos hábitos de consumo (compra *online* e en grandes superficies comerciais) da xente están abocando ao peche de moitos dos comercios tradicionais e pequenos situados na nosa contorna.

O rexistro de baixas de autónomos da Seguridade Social cifra en máis de 1.000 os establecementos que botaron o peche en Galicia nos primeiros nove meses do ano, (último dato dispoñible), comparando os datos de primeiros do ano cos do 31 de outubro de 2018. Ademais, se nos centramos unicamente no mes de outubro vemos que aproximadamente uns 10 establecementos de media ao día pecharon.

Por outro lado, vemos que o problema é máis, como xa comentamos, é máis profundo. Os cambios nos hábitos de consumo afectan directamente ao pequeno comercio xa que, a xente está a comprar máis ca nunca, pero faino sen saír á rúa. Segundo o informe de Comercio Electrónico, elaborado pola CNMC, no primeiro trimestre do 2018 en comparación co mesmo trimestre do ano anterior, o comercio electrónico en España aumentou case un 33 %.

Este contexto fai que a situación sexa moi complicada, tanto para os negocios de sempre como para os novos, xa que tanto a posta en marcha como a competencia fan que sexa moi difícil facerse cun espazo propio.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten a Xunta de Galicia algunha medida en marcha para apoiar o pequeno comercio ante os novos retos, de ser afirmativa a resposta, cales?

2ª) Que medidas pensa poñer en marcha o Goberno galego para paliar e reverter o continuo peche de pequenos comercios?

3ª) Que está a facer a Xunta de Galicia en relación co apoio e impulso do comercio electrónico en Galicia e cales son os resultados?

4ª) Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a situación antes descrita na que se atopan os pequenos comerciantes?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/11/2018 10:21:16

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/11/2018 10:22:02

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O entroncamento da autovía Ferrol-Vilalba, AG-64, coa estrada de Catabois, a AC-116 é una das principais vías de acceso e saída á cidade de Ferrol.

As familias que residen á beira da glorieta de entroncamento da autovía Ferrol-Vilalba, AG-64, coa estrada de Catabois viven nunha constante alarma, xa que as tres vivendas existentes na rolda tiveron varios incidentes de vehículos, que romperon as murallas de peche e acabaron dentro das fincas.

Nos dous últimos meses estas familias foron testemuñas directas de dúas mortes, a última na madrugada do pasado domingo 11 de novembro, e os accidentes con feridos cóntanse por ducias.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego dos incidentes viarios que tiveron lugar na glorieta de entronque da autovía Ferrol-Vilalba coa AC-116 en Catabois, no concello de Ferrol?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego destes feitos?

3ª) Considera que o feito de que acontezan incidentes no mesmo punto da estrada ten relación directa co entroncamento dos viarios nese punto e das insuficientes medidas de sinalización que se dispuxeron no lugar?

4ª) Entende que é preciso reconsiderar as medidas preventivas, cun mellor sinalamento e balizamento da zona, ampliando os sinais luminosos no horario nocturno, así como dispoñer medidas máis eficaces de redución da siniestralidade?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/11/2018 10:32:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2018 10:32:43

María Luisa Pierres López na data 22/11/2018 10:32:53



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre a supresión dun docente no CEIP Virxe da Luz de Portomarín e as medidas que debe adoptar ao respecto a Xunta de Galiza.

A ANPA do CEIP Virxe da Luz, no Concello de Portomarín, vén denunciando desde o inicio do curso 2018-2019 a supresión dun docente malia que o centro conta cun estudante máis matriculado en relación co ano anterior.

Actualmente o centro conta con 33 estudantes e 4 docentes porque o alumnado foi agrupado en dous grupos. Así pois, comparten aula estudantes de 1º, 2º e 3º de Primaria e aqueles que cursan 4º, 5º e 6º.

Desde que iniciaron as súas mobilizacións, as familias conseguiron o apoio de 3 mil sinaturas e mesmo do Pleno da Deputación Provincial de Lugo por unanimidade. A ANPA exige dotar o centro dos recursos cos que contaba para garantir un ensino de calidade para os seus fillos e, nomeadamente, manter os agrupamentos dentro do mesmo ciclo, isto é, tres grupos e non dous.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 12:18
Nº Rexistro: 40731
Data envío: 22/11/2018 12:18:00.746

- Cales foron as razóns para suprimir un docente este curso no CEIP Virxe da Luz?
- Cal é a razón para non contar cun docente que permitiría manter tres grupos e non un?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2018 11:42:10

María Montserrat Prado Cores na data 22/11/2018 11:42:24

Ana Pontón Mondelo na data 22/11/2018 11:42:25



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 12:18
Nº Rexistro: 40731

Data envío: 22/11/2018 12:18:00.746

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/11/2018 11:42:27

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2018 11:42:28

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2018 11:42:30

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

No Diario Oficial de Galicia de 10 de xullo de 2018, a Consellería de Política Social publicou a Orde do 27 de xuño de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para investimento na mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se convocan para o ano 2018 (cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020); cun financiamento total de 712.000 €.

As entidades beneficiarias, segundo se recolle no artigo 3, son as corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan en funcionamento unha escola infantil 0-3 ou un punto de atención á infancia da súa titularidade ou que dependa da dotación do equipamento preciso para o desenvolvemento da actividade para ser posto en marcha no curso 2018/19.

Os gastos subvencionables, recollidos no artigo 4, serán operacións que, tendo comezado con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2018, non estean totalmente finalizadas no momento da presentación da solicitude de axuda e sexan efectivamente pagadas con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto no artigo 18. Sendo as actuacións subvencionables:

- a) Obras menores de adecuación e mellora das infraestruturas dos centros de atención á primeira infancia, así como obras novas de escasa contía que melloren a accesibilidade ou doten o edificio de servizos necesarios.
- b) Adquisición e mellora do equipamento do centro, incluída a compra de mobiliario interior e exterior e de material didáctico e de xogo.
- c) Dotación de conexión á internet e compra de dispositivos para a integración das novas tecnoloxías na aula.

A Orde establece que o prazo máximo para resolver e notificar estas subvencións é de tres meses contados a partir do día seguinte ao da data de publicación da

orde no Diario Oficial de Galicia, podendo entenderse desestimadas se transcorrido o dito prazo non se tivese comunicada resolución expresa, e no artigo 24. Transparencia e bo goberno, establécese que a consellaría responsable da iniciativa publicará na súa páxina *web* oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas.

Con data 12 de novembro, algúns concellos recibiron unha chamada telefónica confirmando a achega, sen comunicación escrita, explicando que aínda non se reunise a Comisión, e tendo como prazo máximo de xustificación 0 5 de decembro de 2018.

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre a xestión destas subvencións?

2ª) Cales foron os motivos polos que a Xunta de Galicia non comunicou en prazo e por escrito a subvencións aso concellos beneficiados?

3ª) Cando vai publicar a Xunta de Galicia na súa páxina *web* oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, tal e como se establece no artigo 24 da Orde?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/11/2018 12:19:06

Noela Blanco Rodríguez na data 22/11/2018 12:19:13

Julio Torrado Quintela na data 22/11/2018 12:19:20



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Os lugares da Gándara e San Marcos, na parroquia de Nós (Oleiros), están sometidos desde hai anos a múltiples e repetidos verquidos que pasan pola rede de saneamento procedentes do Polígono Industrial do Espírito Santo, ubicado no límite entre os veciños concellos de Sada e Cambre. Estes verquidos desbordan os sumidoiros, contaminan o río e incluso acceden a vivendas, mesmo polos desaugues sanitarios, causando graves danos e inseguridade entre a veciñanza. Mesmo houbo persoas que se tiveron que desprazar das súas vivendas habituais por temor de risco sanitario.

Nun deses verquidos, producido o día 7 de abril de 2016 mobilizouse á Policía Local de Cambre e Oleiros, Policía Autonómica, Emerxencias 112 e técnicos de Augas de Galicia e descubriuse como saían “augas nauseabundas” dunha arqueta situada diante das instalacións da empresa Discefa. Dita arqueta foi precintada de inmediato.

Sabemos que se investigaron as empresas Discefa e Isidro de la Cal. e que mesmo Técnicos do Concello e máis Augas de Galicia acudiron realizar análises das depuradoras, caudalímetros e augas do interior e do exterior das instalacións para a súa análise.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 12:44
Nº Rexistro: 40738
Data envío: 22/11/2018 12:44:34.220

Estes verquidos son numerosos e repítense periodicamente sumando máis de 12 anos que os veciños padecen esta situación sen que as autoridades actúen.

Durante este tempo, tamén se teñen realizado obras como a renovación da rede de saneamento do polígono que, en teoría, debía ter rematado co problema, mais isto non foi así. Tamén, xa na actualidade, os concellos de Cambre e Oleiros están preparándose para iniciar obras de aumento de caudal na rede de saneamento.

As anomalías perduran sen que se tomen as medidas oportunas para que a legalidade e a normalidade dos veciños sexan unha realidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Coñece a Xunta de Galiza a existencia de verquidos que afectan á parroquia de Nós (Oleiros) nas zonas de A Gándara e San Marcos?

- Como é posible que desde Augas de Galiza se realice un informe meramente descritivo, que fala en todo momento de augas sucias sen aportar datos de analíticas sobre a composición deses vertidos nin afondar na súa procedencia?

- Analizou Augas de Galiza a composición dos vertidos cando en abril deste ano de 2018 foi a propia empresa quen avisou do accidente?

- Unha vez que se aumente a capacidade dos colectores que medidas e protocolos se van seguir para detectar se estes vertidos se seguen producindo, xa que agardamos que non sigan saíndo á superficie pero pode que rematen no río Gándara contaminando o mesmo e, consecuentemente, tamén a ría do Burgo?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é a razón pola que non recibimos resposta ás preguntas realizadas sobre este tema con data de asento 5/5/2.016 e número de rexistro 50289?

- Que medidas ten previsto desenvolver o goberno galego para solucionar este problema?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/11/2018 12:42:31

María Montserrat Prado Cores na data 22/11/2018 12:42:37

Ana Pontón Mondelo na data 22/11/2018 12:42:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 12:44
Nº Rexistro: 40738
Data envío: 22/11/2018 12:44:34.220

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2018 12:42:44

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2018 12:42:45

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2018 12:42:47

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa á Torre de Doncos.

A Torre de Doncos é un monumento medieval, foi declarado Ben de Interese Cultural e anteriormente monumento estatal no ano 1949 constituíndo o noso patrimonio cultural e testemuña viva doutros tempos que debe preservarse.

O TSXG desestimou a reclamación presentada pola familia Valcarce de Monforte sobre a titularidade do ben inmovible, polo que non ten dono coñecido que se ocupe do seu estado de abandono, e que presumiblemente acabará en derrubamento se as administracións competentes non toman cartas no asunto.

Situada á beira do Río Navia, defendía unha das entradas a Galicia e protexía ás peregrinas que se desviaban do Camiño Francés a Compostela polas Nogais, Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo onde enlazaban co Camiño Primitivo procedente da Fonsagrada.

A finais do XIV García Rodríguez de Valcarce, señor de Sarracín, Corullón e Montefurado, posesións herdadas da súa nai Constanza García aparecía como o seu dono, que por xuízo de partición de bens que se conserva na Real Chancelería de Valladolid sábese que a última Valcarce de Doncos foi Francisca de Valcarce. A partir dese momento ignórase quen é o titular da mesma.

O concello das Nogais leva tempo procurando inmatricular o ben como seu, e sendo este un proceso tan garantista e lento é probable que a axuda chegue xa demasiado tarde.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1ª) Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para e realizar unha restauración rápida que permita a conservación do ben e que non se derrube, segundo o disposto na Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia?
- 2ª) Consideran importante limpar arredor do mesmo a biomasa forestal e a que haxa dentro da mesma que poida producir deterioro na estrutura da Torre?
- 3ª) Como van garantir que a Torre de Doncos conte coas axudas necesarias interadministracións para a conservación da mesma?
- 4ª) Cren que é necesario garantir a supervivencia do legado para xeracións vindeiras?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018.

Asdo.:Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/11/2018 13:28:02

Luca Chao Pérez na data 22/11/2018 13:28:08

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

No porto de Barizo o guindastre atópase nun estado lamentable, enferruxado e sen poder utilizarse debido a dúas avarías. A competencia é de Portos de Galicia, e desde o Concello, tense expresado publicamente, e trasladado a necesidade de arranxo xa no mes de marzo.

O certo é que máis ca unha reparación os profesionais demandan un guindastre novo, Non obstante, no proxecto de orzamentos da Xunta para 2019 non atopamos ningunha partida para este aparello. Pero como no proxecto orzamentario só unha minoría das partidas se establecen de xeito explícito e territorializado, non é posible coñecer se o Goberno ten incluído nos seus plans a reparación ou substitución desta máquina.

Nos datos da *web* de Contratos Públicos de Galicia, filtrando por órgano de contratación “Portos de Galicia” e marcando as catro opcións posibles (en prazo de presentación, pendente de adxudicar, resoltos, suspendidos por recurso), non figura ningunha previsión a curto prazo para Barizo (Malpica).

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) É coñecedor o Goberno galego da situación lamentable na que se atopa o guindastre do porto de Barizo?
- 2ª) Vai levar a cabo algún tipo de xestión o Goberno galego para a substitución do guindastre, en caso positivo, cando?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/11/2018 14:18:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40751
Data envío: 22/11/2018 14:21:34.866

Patricia Otero Rodríguez na data 22/11/2018 14:18:51

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando , deputada e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a**

Este mes de novembro volveuse a destapar un novo caso de opacidade na xestión da Xunta de Galicia que sigue na senda do que é a súa forma característica de gobernar: ausencia de transparencia na toma de decisións e na xestión política do público.

Por este motivo, a Coordinadora contra a implantación de parque eólicos na comarca de Ordes denunciou a creación dun só megaparque eólico nos concellos de Ordes, Cerceda, Frades e Mesía tras a aparición de tres novos parques no rexistro eólico de Galicia que, segundo a coordinadora, foron fragmentados de xeito intencionado para eludir a lei.

Estamos a falar duns parques que engloban 33 novos muíños en total: 11 eólicos en Legre, 7 eólicos en Solpor e 15 eólicos en Meirama.

No rexistro eólico de Galicia tamén aparecen sendas subvencións eléctricas, salvo a de Meirama. Dita Coordinadora denunciou, vía comunicado público, que calquera destes tres parques “están extremadamente próximos ós núcleos rurais, moi lonxe dos 5 km de distancia que consideramos necesarios por seguridade e saúde entre os parques eólicos e as aldeas”.

Deste xeito observamos que estes tres parques, aos cales sumamos outros dous en tramitación (Monte Inxerio e a Gasalla), que nos atopamos cun total de 51 muíños eólicos dun diámetro de 163m.



Para aprobar estes parques, as compañías eléctricas utilizaron o procedemento da fragmentación de proxectos para eludir a lei, porque era o xeito de eludir os impactos no medio ambiente e na sociedade, nunha tramitación separada. Por iso a Coordinadora manifestou claramente que este proceder “é completamente ilegal como xa declarou o Tribunal Supremo”.

As novas solicitudes están nunha zona declarada de Interese Agrario pola Xunta de Galicia e no que se concentra moita poboación. A parte disto, chama demasiado a atención que a maior parte dos parques eólicos proxectados nesta comarca, non teñan xustificado antes do seu proxecto, que exista “recurso eólico”, é dicir, que exista vento suficiente para xerar electricidade. Algo que é tan inexplicable como irresponsable .

Os concellos de Ordes, Frades, Mesía e Oroso téñense declarado concellos libres de eólicos no pasado mes de maio. A Coordinadora contra a implantación de parques eólicos na comarca de Ordes, solicitoulles aos concellos de Ordes, Frades, Mesía e Oroso que manteñan a súa posición de rexeitamento ós muíños eólicos, despois de declararse concellos libres de eólicos en maio de 2018, e que non concedan os permisos de actuación necesarios para o seu estudo e implementación.

Tamén lle esixe a Consellería de Economía, Emprego e Industria que escoite a declaración dos concellos que se manifestaron libres de eólicos que se posicionaron en contra dos parques nos plenos dos seus municipios e que se reforme con urxencia o Plan Eólico de Galicia, eliminando a estes concellos de dito plan.

Pero o grave deste asunto, e o obxecto da nosa pregunta, é ver un novo caso de falta de transparencia por parte de actuacións da Xunta de Galicia.

Unha vez máis somos coñecedores deste tipo de actuacións no referente aos proxectos eólicos e liñas eléctricas grazas a investigación de axentes da



sociedade civil e por unha comunicación pública dos concellos que son afectados polas decisións da Xunta. Decisións tomadas de costas aos seus intereses, e polo tanto dos intereses e dereitos dos veciños e veciñas destes concellos, e polo tanto, dos galegos e galegas.

E preciso seguir denunciando este tipo de prácticas da Xunta ao mesmo tempo que o grupo de En Marea esiximos explicacións a cada un dos concellos afectados pola non exposición pública destes proxectos.

As dificultades de acceso á información é inaceptable ao igual que a opacidade e falta de transparencia na súa xestión da Consellería de Industria. A súa obriga sería por á disposición da cidadanía os proxectos completos de ditos parques eólicos e as liñas eléctricas.

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión:**

- Consideran vostedes que esta forma de xestionar caracterizada pola opacidade e falta de transparencia pode xerar confianza na cidadanía, bloqueando de xeito constante o dereito a información a todos os veciños e veciñas?
- Van continuar permitindo a fragmentación de proxectos para eludir procesos de control?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018

Asdo: Carmen Santos Queiruga

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 22/11/2018 16:22:01

Antón Sánchez García na data 22/11/2018 16:22:08

Marcos Cal Ogando na data 22/11/2018 16:22:16



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á situación da planta de Isowat na Coruña e ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

O futuro industrial na cidade da Coruña e a súa comarca atópase nunha situación crítica e cómpre que desde as Administracións públicas, nomeadamente desde a Xunta de Galiza, se impulse unha estratexia de defensa conxunta e de intervención política para reconducir a situación e promover o mantemento dos postos de traballo e da estrutura produtiva.

Na actualidade alén dos máis de 400 empregos en xogo na planta de Alcoa, hai 85 traballadores e traballadoras que dependen da continuidade da factoría Isowat. Cómpre recordar que a antiga Isolux Galicia, hoxe Isowat, situada no Polígono da Grela desde 1963, é unha planta altamente rendíbel, que recibiu diñeiro público en axudas, con carga de traballo para os vindeiros anos, pioneira tanto pola formación e experiencia do seu cadro de persoal como pola súas patentes grazas ás cales os seus produtos son solicitados internacionalmente. Malia isto, a empresa atópase neste momento en concurso de acredores. As razóns últimas residen en que o que se produciu desde que a actual propietaria adquirise Isolux Galicia foi un saqueo sistemático, tal e como sinala o informe concursal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A cidade, a comarca e o país precisan dun sector industrial forte. Neste sentido, os datos actuais ofrecidos polo Clube Financeiro no seu “Informe de conxuntura económica” son concluíntes a respecto da necesidade de "aumentar o peso da actividade industrial" e "diversificar máis aló do téxtil" na comarca, xa que esta actividade cae ao 9,5%. É preciso un impulso á economía industrial escasa no conxunto de Galiza onde só o 6% das empresas se dedican á transformación de materias primas e o seu peso é do 19% no valor engadido bruto. É preciso poñer o foco en áreas produtivas con forte compoñente de innovación que sirvan ademais para crear unha saída laboral de calidade ao capital humano de cualificado que xera o sistema educativo galego. Dentro do país, a situación da provincia coruñesa é a máis polarizada e, dentro dela, a preponderancia dos servizos é aínda máis clara a nivel comarcal. Na Coruña o 83,1% da economía é de servizos (centrada no comercio, o transporte e a hostalaría) e, polo tanto, as cifras de actividade industrial son máis escasas cun peso tan só dun 9,5%. Unha tendencia que encaixa no proceso de terciarización que está a vivir a economía galega.

Diante desta situación, é necesario evitar a desertización industrial do noso país, xa que é insostíbel unha economía exclusivamente de servizos; detrás ten que haber necesariamente un sector industrial que aposte polo valor engadido e por crear empregos de calidade.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para favorecer o mantemento da actividade e postos de traballo da empresa Isowat da Coruña?

-Coñece o goberno galego a situación da empresa Isowat? Como a valora?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 17:22
Nº Rexistro: 40762
Data envío: 22/11/2018 17:22:17.792

-Cal é a valoración do goberno galego a respecto do recurso ao IGAPE? Ten posto a disposición, no último ano, os servizos do IGAPE? Con que resultado?

-Ten coñecemento o goberno galego de que esta empresa opera nun sector chave para que determinadas especializacións produtivas de Galiza teñan un retorno para o país?

-Como avalía o goberno galego a situación do sector industrial na cidade e na comarca da Coruña? Que actuacións ten levado a cabo para favorecer o seu fortalecemento? Con que resultados?

-Considera a Xunta de Galiza positiva a terciarización da economía da Coruña e a súa contorna? E do país?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 17:22
Nº Rexistro: 40762
Data envío: 22/11/2018 17:22:17.792

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2018 17:19:31

María Montserrat Prado Cores na data 22/11/2018 17:19:37

Ana Pontón Mondelo na data 22/11/2018 17:19:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/11/2018 17:19:40

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2018 17:19:42

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2018 17:19:43

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

No ano 2011 o Instituto Galego da Vivenda e do Solo realizou obras de impermeabilización e pintura en fachadas de vivendas nas Felgosas e A Barqueira, no concello de Cerdido. Estas actuacións, sen chegar a cuestionalas, aínda que o propio organismo falaba de que eran producidos por defectos na execución da obra, semella que non deron resultados satisfactorios.

E despois de pasados sete anos da dita actuación as vivendas están na mesma situación, incluso peor, que antes de levar a cabo os traballos de impermeabilización.

O día 1 de marzo de 2018, publicábanse no DOG as resolucións polas que se anunciaba a licitación das obras de rehabilitación das VPP das Felgosas e Vila da Igrexa, no concello de Cerdido (A Coruña).

Os traballos, que comezaron a finais de setembro, consisten no illamento térmico dos edificios, para o cal se esta a empregar o sistema SATE, que permite realizar o illamento do edificio pola parte exterior, eliminando pontes térmicas, mellorando o comportamento térmico sen reducir o espazo interior das vivendas nin modificar o aspecto exterior do inmovible.

Nestes días os veciños e veciñas están facendo chegar as súas inxerencias polo transcorrer das obras, tales como que nas vivendas da Vila da Igrexa, Cerdido comezaron a destapar un garaxe e pararon a actuación alegando que non se lle vai tocar aos tellados dos garaxes xa que houbo un erro na medición e non dá o orzamento.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi o motivo polo que as obras previstas pola Xunta de Galicia nas vivendas VPP das Felgosas e Vila da Igrexa, non comezaron en agosto como estaba previsto?

2ª) Cal é o motivo polo que non se van afrontar as obras dos tellados nos garaxes?

3ª) Cales son as obras que se realizaron nas 6 VPP das Felgosas, especificadas por vivenda?

4ª) Cales son as obras que se realizaron nas 6 VPP da Vila da Igrexa, especificadas por vivenda?

5ª) Durante as obras de rehabilitación das 6 VPP das Felgosas, fixo a Xunta de Galicia algunha inspección, en que data e cal foi o resultado?

6ª) Durante as obras de rehabilitación das 6 VPP da Vila da Igrexa, fixo a Xunta de Galicia algunha inspección, en que data e cal foi o resultado?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/11/2018 16:25:59

María Luisa Pierres López na data 22/11/2018 16:26:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2018 16:26:16

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Na memoria da, naquel momento Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria dos orzamentos para o ano 2018, podemos ler que o programa 423A - Servizos e axudas complementarias das ensinanzas ten, entre outros obxectivos, a convocatoria das axudas para a adquisición de libros de texto e do fondo solidario de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, no curso escolar 2017/2018. Ademais, reforzase o apoio ás familias con maiores dificultades continuando coa liña de axudas convocadas no ano 2015, 2016 e 2017 para a adquisición de material escolar, completando así as garantías ofrecidas cos instrumentos anteriores.

Tamén se pode ler que se contempla unha partida destinada á convocatoria de axudas para a adquisición de material escolar para alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria e educación especial en centros sostidos con fondos públicos, reforzándose o apoio a familias con maiores dificultades económicas continuando coa liña de axudas convocadas nos anos 2015, 2016 e 2017, duplicándose no ano 2018 as cifras iniciais.

Na última información remitida ao Parlamento de Galicia sobre as modificacións orzamentarias, correspondente ao mes de outubro de 2018, podemos ver que para incrementar as partidas destinadas aos gastos de funcionamento dos centros (fundamentalmente dos de réxime xeral, en base ás necesidades derivadas dos incrementos de prezos) se reduce a aplicación 10.60.423A.7800 destinada a Axudas para libros de texto e material escolar.

Esa redución supón que se detraen desta aplicación 2.728.270 € sobre unha dotación inicial de 5.464.596 €, é dicir un 50 % practicamente.

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi a cantidade destinada finalmente a esta partida nos anos 2015, 2016 e 2017 para adquisición de material escolar?

2ª) En que estimación de gasto se sustentou a previsión de 5.464.596 € que figura nos orzamentos de 2018 nesa aplicación 10.60.432A.7800?

3ª) Que explicación ten que por un lado se diga que se duplica a cantidade da aplicación con respecto ao ano 2015 e despois se reduza á metade?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2018 17:49:50

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/11/2018 17:49:57

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Unha vez publicado o Real decreto 907/2013, do 22 de novembro, polo que se establece o título de técnico en Emerxencias e Protección Civil e se fixan as súas ensinanzas mínimas, a Xunta de Galicia, mediante Decreto 21/2017, do 2 de febreiro, estableceu no ámbito educativo da nosa Comunidade o correspondente currículo deste ciclo formativo de grao medio, sinalando que este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

A competencia xeral do título de técnico en Emerxencias e Protección Civil consiste en intervir operativamente, cumprindo coas normas de seguridade en emerxencias provocadas por sucesos ou catástrofes orixinadas por riscos diversos (naturais, antrópicos e tecnolóxicos), en áreas tanto rurais e forestais como urbanas, realizando as actividades de control, mitigación e extinción dos axentes causantes deses sucesos (lume, enchentes de auga, substancias NBQ, etc.), o rescate, o salvamento e a atención como primeiro interveniente das persoas afectadas e a rehabilitación de emerxencia das zonas ou bens abrangidos, mantendo operativos os vehículos, os equipamentos, as máquinas e as ferramentas de intervención, así como organizar os equipos e as unidades baixo a súa responsabilidade, e contribuír a divulgar e cumprir os principios e as normas de protección civil, aplicando a normativa vixente en materia de inspección e plans de autoprotección de edificios e instalacións industriais.

O ámbito profesional, identificado no artigo 7 do dito Decreto 21/2017, das persoas que obteñen o título de técnico en Emerxencias e Protección Civil é exercer a súa actividade no sector de servizos de prevención e extinción de incendios forestais e apoio en continxencias do medio natural e rural e Protección Civil, así como nos servizos públicos estatais, autonómicos e locais de atención de emerxencias e os corpos de bombeiros/as, desenvolvendo a súa actividade como traballador ou traballadora dependente das administracións públicas ou en empresas privadas dedicadas a traballos agroforestais e ambientais, en servizos

de bombeiros/as dedicados á prevención de incendios e mantemento, e en sectores industriais dedicados á produción, á distribución, á fabricación e ao almacenamento de produtos e substancias perigosas, e poden exercer accións de colaboración internacional.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables que indica o currículo desta titulación son os seguintes:

- Capataz ou encargado/a de extinción de incendios forestais.
- Bombeiro/a forestal.
- Vixilante de incendios forestais.
- Bombeiro/a de servizos municipais, provinciais, mancomunados, consorciados ou autonómicos.
- Bombeiro/a doutros servizos en entes públicos.
- Técnico/a en emerxencias das Forzas Armadas.
- Bombeiro/a de aeroportos.
- Bombeiro/a de empresa privada.

O campo de traballo do sector caracterízase por contar cun elevado número de servizos destinados a operar no campo das emerxencias. A súa natureza é moi diversa e hoxe hai máis de 135 servizos en toda España no ámbito da intervención urbana e rural (bombeiros/as profesionais pertencentes ás administracións local e autonómica, e a consorcios ou axencias). Ademais, máis de 20 empresas son subcontratadas polas administracións autonómicas para a intervención no ámbito forestal, e existe un servizo nacional de actuación en aeroportos, empresas especializadas de servizos en polígonos petroquímicos, centrais nucleares e outros tipos, así como a Unidade Militar de Emerxencias. En total, o abano descrito de profesionais supera actualmente os/as 30.000, sen incluír aquí os servizos prestados polas agrupacións municipais e autonómicas de voluntariado (estimado en máis de 10.000 persoas). O maior volume do total de profesionais presta servizos en condición de funcionario/a dalgunha destas administracións, aínda que un bo número o fai como persoal laboral da Administración (en AENA, consorcios e empresas públicas), e outro groso confórmao todo o persoal contratado polas empresas que interveñen na prevención e na extinción de incendios forestais.

O incremento de campos de intervención e de empresas e organizacións que participan no ámbito da protección civil exige unha unificación de criterios arredor da formación básica necesaria para a formación profesional experta de todas as persoas que traballan ou interveñen no sector, cunha mellor preparación no ámbito da seguridade durante as intervencións ou nas novas técnicas requiridas polos novos sectores de intervención que se citaron anteriormente.

Como indica o propio Decreto 21/2017, dado que a maior parte deste sector se concentra en institucións e administracións públicas, é unha obriga destas favorecer a creación dunha formación que garanta a mellor capacitación posible a través da formación profesional.

Por iso, cómpre que a Administración autonómica de Galicia habilite os mecanismos necesarios para promover e facilitar a inserción e incorporación profesional dos novos técnicos en Emerxencias e Protección Civil. Estas medidas, ademais de completar o ciclo formación-inserción na nosa nova formación profesional, contribuirán a reforzar a profesionalización dos distintos dispositivos que interveñen nas distintas fases das emerxencias en Galicia.

A implantación deste importante novo ciclo formativo arrancou no curso 2015/2016 para o primeiro curso e no 2016/2017 para o segundo, cunha carga lectiva total de 2.000 horas.

Polo exposto os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten adoptado ou ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para facilitar a incorporación dos novos titulados como técnicos en Emerxencias e Protección Civil nos distintos dispositivos de emerxencias dependentes da Administración autonómica e nos dispositivos da Administración local galega cofinanciados pola Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:



Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/11/2018 18:03:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/11/2018 18:03:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/11/2018 18:04:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2018 18:04:10

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/11/2018 18:04:19

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Unha vez publicado o Real decreto 907/2013, do 22 de novembro, polo que se establece o título de técnico en Emerxencias e Protección Civil e se fixan as súas ensinanzas mínimas, a Xunta de Galicia, mediante Decreto 21/2017, do 2 de febreiro, estableceu no ámbito educativo da nosa Comunidade o correspondente currículo deste ciclo formativo de grao medio, sinalando que este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

A competencia xeral do título de técnico en Emerxencias e Protección Civil consiste en intervir operativamente, cumprindo coas normas de seguridade en emerxencias provocadas por sucesos ou catástrofes orixinadas por riscos diversos (naturais, antrópicos e tecnolóxicos), en áreas tanto rurais e forestais como urbanas, realizando as actividades de control, mitigación e extinción dos axentes causantes deses sucesos (lume, enchentes de auga, substancias NBQ, etc.), o rescate, o salvamento e a atención como primeiro interveniente das persoas afectadas e a rehabilitación de emerxencia das zonas ou bens abrangidos, mantendo operativos os vehículos, os equipamentos, as máquinas e as ferramentas de intervención, así como organizar os equipos e as unidades baixo a súa responsabilidade, e contribuír a divulgar e cumprir os principios e as normas de protección civil, aplicando a normativa vixente en materia de inspección e plans de autoprotección de edificios e instalacións industriais.

O ámbito profesional, identificado no artigo 7 do dito Decreto 21/2017, das persoas que obteñen o título de técnico en Emerxencias e Protección Civil é exercer a súa actividade no sector de servizos de prevención e extinción de incendios forestais e apoio en continxencias do medio natural e rural e Protección Civil, así como nos servizos públicos estatais, autonómicos e locais de atención de emerxencias e os corpos de bombeiros/as, desenvolvendo a súa actividade como traballador ou traballadora dependente das administracións públicas ou en empresas privadas dedicadas a traballos agroforestais e ambientais, en servizos

de bombeiros/as dedicados á prevención de incendios e mantemento, e en sectores industriais dedicados á produción, á distribución, á fabricación e ao almacenamento de produtos e substancias perigosas, e poden exercer accións de colaboración internacional.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables que indica o currículo desta titulación son os seguintes:

- Capataz ou encargado/a de extinción de incendios forestais.
- Bombeiro/a forestal.
- Vixilante de incendios forestais.
- Bombeiro/a de servizos municipais, provinciais, mancomunados, consorciados ou autonómicos.
- Bombeiro/a doutros servizos en entes públicos.
- Técnico/a en emerxencias das Forzas Armadas.
- Bombeiro/a de aeroportos.
- Bombeiro/a de empresa privada.

O campo de traballo do sector caracterízase por contar cun elevado número de servizos destinados a operar no campo das emerxencias. A súa natureza é moi diversa e hoxe hai máis de 135 servizos en toda España no ámbito da intervención urbana e rural (bombeiros/as profesionais pertencentes ás administracións local e autonómica, e a consorcios ou axencias). Ademais, máis de 20 empresas son subcontratadas polas administracións autonómicas para a intervención no ámbito forestal, e existe un servizo nacional de actuación en aeroportos, empresas especializadas de servizos en polígonos petroquímicos, centrais nucleares e outros tipos, así como a Unidade Militar de Emerxencias. En total, o abano descrito de profesionais supera actualmente os/as 30.000, sen incluír aquí os servizos prestados polas agrupacións municipais e autonómicas de voluntariado (estimado en máis de 10.000 persoas). O maior volume do total de profesionais presta servizos en condición de funcionario/a dalgunha destas administracións, aínda que un bo número o fai como persoal laboral da Administración (en AENA, consorcios e empresas públicas), e outro groso confórmao todo o persoal contratado polas empresas que interveñen na prevención e na extinción de incendios forestais.

O incremento de campos de intervención e de empresas e organizacións que participan no ámbito da protección civil exige unha unificación de criterios arredor da formación básica necesaria para a formación profesional experta de todas as persoas que traballan ou interveñen no sector, cunha mellor preparación no ámbito da seguridade durante as intervencións ou nas novas técnicas requiridas polos novos sectores de intervención que se citaron anteriormente.

Como indica o propio Decreto 21/2017, dado que a maior parte deste sector se concentra en institucións e administracións públicas, é unha obriga destas favorecer a creación dunha formación que garanta a mellor capacitación posible a través da formación profesional.

Por iso, cómpre que a Administración autonómica de Galicia habilite os mecanismos necesarios para promover e facilitar a inserción e incorporación profesional dos novos técnicos en Emerxencias e Protección Civil. Estas medidas, ademais de completar o ciclo formación-inserción na nosa nova formación profesional, contribuirán a reforzar a profesionalización dos distintos dispositivos que interveñen nas distintas fases das emerxencias en Galicia.

A implantación deste importante novo ciclo formativo arrancou no curso 2015/2016 para o primeiro curso e no 2016/2017 para o segundo, cunha carga lectiva total de 2.000 horas.

Polo exposto os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten adoptado ou ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para facilitar a incorporación dos novos titulados como técnicos en Emerxencias e Protección Civil nos distintos dispositivos de emerxencias dependentes da Administración autonómica e nos dispositivos da Administración local galega cofinanciados pola Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:



Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/11/2018 18:07:15

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/11/2018 18:07:28

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/11/2018 18:07:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2018 18:08:01

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/11/2018 18:08:08

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando e Francisco Casal Vidal, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 2.^a**

O Concello de Mondoñedo está promovendo que o grupo empresarial Norvento implante un parque eólico que afectará ás zonas de Cesuras, Sasdónigas e San Vicente. O parque tería un inmenso impacto medioambiental e paisaxístico nunha zona atravesada polo Camiño de Santiago a cambio dunhas míseras migallas que, en ningún caso, compensarían os danos causados.

Entre os prexuízos á contorna que tería o parque eólico, compre subliñar o impacto negativo nunha zona de demostrado interese arqueolóxico. Na zona onde pretenden levantarse os aeroxeneradores, apareceu fai ben pouco unha moeda de bronce de orixe romana, seguramente do século I despois de Cristo, e un cravo cuxa orixe aínda no foi precisada. O terreo onde apareceron forma parte dun campamento romano cun perímetro rectangular, característico dos recintos militares. O descubrimento foi recollido no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mondoñedo.

Con esta información sobre a mesa, enténdese que a veciñanza de Mondoñedo leve semanas manifestándose e pronunciándose abertamente en contra do parque eólico.

Como xa defendemos noutras ocasións, a día de hoxe habería que ter unhas directrices que permitisen unha avaliación integral e unha maior participación local de institucións e da cidadanía para a definición deste tipo de proxectos.



Parece ser que o Partido Popular e este goberno non opinan o mesmo, xa que, lonxe de propor medidas neste senso, o que propón é máis liberalización do sector.

O desenvolvemento do sector eólico en Galiza debería partir dunha actualización dos postulados nos que se cimentou nos últimos 20 anos, e basearse nunha planificación racional, sustentable, que teña moi en conta, de xeito integral, aspectos paisaxísticos, ambientais e de retorno social.

Dentro deste último aspecto cumpriría revisar a sistemática aprobación en proxectos similares da declaración de utilidade pública posto que, fundamentalmente, hoxe en día trátase dun negocio privado dunhas poucas empresas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

- Cales son os beneficios no ámbito social, territorial e laboral que tería o parque eólico de Sasdónigas nos concellos da contorna?
- Que impactos tería o parque nos terreos? E na gandería? E na natureza do lugar? E no patrimonio do Camiño?
- A Xunta de Galicia considera que a exigua creación de postos de traballo compensaría os danos que causaría o parque eólico?
- En xeral, considera o Goberno galego que o modelo de desenvolvemento eólico de Galicia favorece á dinamización económica das zonas onde se implantan parques? Que datos manexa ao respecto? Como foron recollidos?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018.



Asdo.: Antón Sánchez García
Marcos Cal Ogando
Francisco Casal Vidal
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 22/11/2018 18:23:53

Marcos Cal Ogando na data 22/11/2018 18:24:03

Francisco Casal Vidal na data 22/11/2018 18:24:11

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o sua resposta oral na Comisión 6.^a, **relativa a situación da seguridade industrial en Galicia**

Galicia é historicamente unha das autonomías con máis sinistralidade, en concreto no ano 2017 a cuarta comunidade con maior sinistralidade, sufrindo 40 mortos en xornada laboral en 2017.

A situación é "moi grave" e atribuímos esta preocupante "evolución negativa" a "mala xestión da prevención" e a "precariedade" no emprego.

No ano 2017, os accidentes con baixa laboral aumentaron nun 9,18% con respecto ao ano anterior. Ao longo do ano producíronse en Galicia 30.328 accidentes de traballo con baixa.

Os accidentes de traballo con baixa "aumentaron moito mais que a ocupación e a creación de emprego", xa que en 2017 producíronse, como xa dixemos, un 9,1% mais de accidentes que en 2016 --2.534 mais--, mentres a poboación ocupada (segundo os datos da enquisa de poboación activa) só incrementouse nun 1,2%.

Como dicíamos unha das causas deste preocupante incremento esta na galopante precariedade do emprego:

- O 91 % dos contratos rexistrados son temporais e, deles, o 31 % ten unha duración inferior á semana. Quen pode coñecer as medidas de seguridade se só



está no posto de traballo unha semana? Como se pode formar en seguridade a unha persoa nestas condicións?

- Os accidentes laborais sitúanse no 2,4% entre as persoas asalariadas con contrato indefinido e no 4,5% entre as asalariadas cun contrato temporal.

Imos analizar agora a situación da prevención e da seguridade industrial.

Toda a normativa de seguridade industrial provén da Lei de seguridade do 1995, desenvolta nun Decreto do 1997.

As Competencias Autonómicas desenvolvéronse na Lei 9/2004 da Xunta. Posteriormente fixéronse ordes con desenvolvemento regulamentario pero na realidade non foron concretadas na maioría dos casos ca elaboración de normativas concretas aplicables as situacións reais de control de riscos, polo que a súa aplicación é moi pouco efectiva.

Segundo as nosas informacións, a xestión e control da prevención de riscos e súa aplicación na seguridade industrial non se fai de maneira coordinada, o que nos parece un erro moi grave. Non hai transferencia de información nin coordinación de actuacións.

Non hai rexistros actualizados de instalacións potencialmente perigosas.

Segundo as informacións que recibimos, a situación da inspección en seguridade, dependente da Consellería de Industria, e de inoperancia absoluta.

Por exemplo as 59 grandes empresas de alto risco industrial, teñen que ter un informe anual. As nosas informacións din que non se fan en moitos casos.



Non se creou o Consello Interdepartamental de seguridade que se recolle no Decreto 1/2015 de 12 de febreiro de política industrial.

Se relaxaron os criterios para certificar as compañías de control de seguridade. O Censo de empresas de control de seguridade é incompleto e moi pouco exixente. Empregos, tipo de profesionais, etc. En todo caso estímase que haberá uns 100 inspectores entre tódalas empresas certificadas, sen unha garantía real da cualificación profesional de ditos inspectores.

Sería necesaria unha avaliación da calidade dos construídos para evitar o intrusismo. Por exemplo hai empresas de control que fan 2.000 inspeccións de ascensores con dous postos de traballo.

As certificacións negativas non se tramitan. Existen moitas instalacións que deberían estar precintadas e seguen en funcionamento sen control.

O descontrol é absoluto na metroloxía o que fai que a seguridade preventiva esté ao albur do aspecto das instalacións. Non hai practicamente inspeccións destes equipos, nin instalacións certificadas.

Non hai estatísticas de accidentes provocados por fallos de equipos industriais. Nin análises das causas: Se di simplemente que houbo "Un incendio por cortocircuito". Non se analiza por que sucedeu o cortocircuito.

Os plans de inspección das empresas non teñen implicación nin control da administración nin intencións de sacar consecuencias dos resultados.



Por exemplo Fandicosta tiña unha inspección desfavorable. Seguiu funcionando e ardeu aos 7 meses.

Os orzamentos da Xunta de Galicia para seguridade industrial son totalmente anecdóticos.

Por último unha reflexión que a Xunta de Galicia debería trasladar as empresas de maneira proactiva: “Unha boa inspección de seguridade beneficia moito a competitividade das empresas”.

Ante a falta de información suficiente sobre todos os asuntos mencionados na exposición de motivos, **En Marea presenta as seguintes Preguntas ao Goberno para a súa resposta en Comisión:**

- 1.- Que accións está a desenvolver a Xunta de Galicia para corrixir os preocupantes datos de accidentes na industria que nos levan a ser unha das Comunidades con maior sinistralidade?
- 2.- Ten a Xunta de Galicia previsto desenvolver normativas concretas e actualizadas a realidade da industria dos nosos días que posibiliten unhas inspeccións e controis de seguridade verdadeiramente efectivos?
- 3.- Ten actualizado a Xunta de Galicia o rexistro de instalacións potencialmente perigosas?
- 4.- Cantos funcionarios da Consellería de Industria están directamente implicados nas tarefas de inspección de seguridade?



- 5.- Ten información a Consellería de Industria se as 59 grandes empresas de alto risco industrial, presentan os seus informe anuais?
- 6.- Por que non se creou o Consello Interdepartamental de seguridade que se recolle no Decreto 1/2015 de 12 de febreiro de política industrial?
- 7.- Considera a Xunta de Galicia que os criterios para certificar as compañías de control de seguridade son os adecuados?
- 8.- Tramítanse todas as certificacións negativas. Que consecuencias administrativas implican?
- 9.- Certifícanse e se fan inspeccións por parte da administración responsable das instalacións de metroloxía e control de seguridade das instalacións industriais?
- 10.- Realiza e publica a Xunta de Galicia estatísticas de accidentes provocados por fallos de equipos industriais?. Analízanse as súas causas?


Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do GP de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 22/11/2018 18:28:53



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727